DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 21 de novembro DE 2018

Orde do día da sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o mércores, 21 de novembro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

1.-Aprobación do orzamento xeral para o exercicio económico 2019 e bases de execución.

2.-Aprobación da relación de postos de traballo, do cadro de persoal e do organigrama para 2019.

3.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 7/2018.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2018

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 21 de novembro de 2018, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
Dª PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D.JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª ROCIO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
Dª ANXELA FRANCO POUSO	BNG
Dª ROSA GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
Dª SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
Dª INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
Dª Mª GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
Dª. TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e seis minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2019 E BASES DE EXECUCIÓN.

INTERVENCIÓNS

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Presentamos, no día de hoxe, o que serán os derradeiros orzamentos desta lexislatura, que corresponden ao ano 2019. Desde o inicio deste mandato somos sabedores e conscientes de que esta é a nosa primeira responsabilidade e, por iso, estes orzamentos reflicten o noso obxectivo de seguir priorizando aos concellos e á cidadanía.

Seguen unha liña de traballo que fai que as dotacións e recursos se consoliden proporcionando unha maior autonomía e operatividade aos concellos, que poderán así adoptar ás súas decisións e priorizar os seus recursos. A elaboración do orzamento provincial de 2019 adecúase, como non podía ser doutro xeito, aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sostibilidade financeira. É preciso destacar que para a elaboración da nosa planificación neste exercicio, non temos aprobada a Lei de presupostos xerais do estado para o ano 2019, mais aínda así para nós é unha prioridade que eses orzamentos entren en vigor o 1 de xaneiro, precisamente para que os concellos da provincia gocen dunha maior visión na organización e a elaboración dos seus propios orzamentos, e ao mesmo tempo na planificación e organización das súas propias actuacións.

Señoras e señores deputados, non esquezamos que as previsións dos ingresos e gastos máis relevantes do proxecto de orzamentos veñen determinadas

sobre a base das previsións estatais, sempre tendo en conta o escenario actual. Na avaliación dos ingresos segue pesando a obriga de devolver o resultado das liquidacións pola participación nos ingresos do Estado dos exercicios 2008 e 2009, a pesar da decisión de ampliar o período da súa devolución, en concreto no presente exercicio a Deputación vai amortizar unha débeda de 2.122.169,59 euros.

Neste contexto, a nosa xestión económica está orientada a contribuír no benestar económico e social da cidadanía da nosa provincia, respectando por suposto ao máximo a autonomía municipal. A veciñanza, que aprecia e valora a xestión pública local, pois son os que, en comunicación directa cos seus administrados, garanten a prestación dun bo servizo, neste senso a Deputación aproba anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración participan os concellos de toda a provincia e cunha dotación neste orzamento de 44.700.000 euros aos que hai que hai que engadir outros 16.800.000 euros achegados xa no EMC 6 deste ano en curso.

O Plan Único 2019 continúa na liña que iniciamos no Plan Único 2017, persistindo en consecuencia o noso desexo de reducir o número de plans destinados a colaborar cos concellos. Racionalizar e obxectivizar a colaboración desta Deputación cos concellos da provincia e facer, por suposto, un Plan dinámico que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria, isto é estar preparado para incrementar as achegas provinciais ao longo do ano.

No tocante ao gasto destinado a financiar obras e servizos municipais, este Goberno, como dixen, parte dunha premisa fundamental, a autonomía municipal. Por tal razón mantemos as distintas opcións para que cada concello continúe elixindo os recursos asignados a gasto corrente, amortización de débeda ou ben a investimento. As incorporacións de crédito con novas economías seguen a ser a nosa prioridade, se os ingresos acreditados a 31 de setembro de 2019 pola participación nos tributos do Estado permitisen estimar fundamentalmente unha maior recadación durante o exercicio, incrementaranse as dotacións destinadas aos concellos no importe correspondente sempre, claro está, que os restantes conceptos de ingresos se vaian realizando con normalidade. Se a liquidación do orzamento 2018 presenta un saldo positivo de remanente de tesourería dispoñible para os novos gastos, destinarase o seu importe prioritariamente a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a marxe dispoñible restante destinarase aos nosos proxectos estratéxicos, así como dotar orzamentariamente o novo Plan provincial, o Plan Único 2019. As economías de adxudicación obtidas nos plans provinciais reinvestiranse no concello correspondente na súa totalidade. O 75% do importe do fondo de continxencia que non se teña utilizado a 1 de outubro de 2019, destinarase a novos gastos de investimento financeiramente sostibles sempre que as condicións de estabilidade orzamentaria así o permitan. Só se financiarán con importe finalista doutras administracións públicas, é dicir, a Unión Europea, en canto aos seguintes proxectos: o Plan director de mobilidade ciclista e o proxecto Life water way.

Señoras e señores deputados, como estamos a comprobar, manter este e incrementar o gasto destinado aos concellos e ás entidades sen fins de lucro é a nosa prioridade. Pola contra, tratamos de ser austeros co propio gasto corrente, tratando de tender á máxima eficacia e eficiencia posible.

Polo que respecta aos gastos de persoal, no Capítulo I recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos adquiridos, así como as resultantes das novas necesidades organizativas e operativas. Aínda así, non nos conformamos, temos un persoal altamente cualificado, desexamos continuar recoñecendo a súa valía, sempre ao servizo dos concellos e, repito, seguiremos na busca de mecanismos precisos para recoñecerlles a categoría que se merecen. Iniciamos unha valoración de postos de traballo que está a servir de punto de partida na mellora das súas condicións laborais, e repito, unha valoración de postos de traballo que é o punto de partida, pois estou convencido de que debemos seguir mellorando e recoñecendo a súa dedicación, así como continuar na recuperación dos seus dereitos como levamos ao longo da lexislatura.

Incorporamos créditos necesarios para o financiamento de servizos públicos esenciais, como é o caso da transferencia a prol do Consorcio para a extinción de incendios e a protección civil, entidade a que a Deputación está asociada, xunto coa Xunta de Galicia, financiando cada administración o 50% e, por suposto tamén o Consorcio para a promoción de música, CEIDA, etc.

Mantemos os créditos necesarios para seguir prestando un servizo de calidade, moi ben valorado polos propios concellos, estoume a referir, por suposto, aos Servizos de asistencia xurídica, ao Servizo económico e contabilidade, ou o Servizo de asistencia técnica aos nosos concellos. Seguimos ampliando a plataforma informática de xestión electrónica, implantando novas funcionalidades de aplicación informático-contable e da xestión de nóminas aos concellos, e desenvolverase a tramitación telemática de expedientes.

Continuaremos coa execución de programas iniciados que consideramos, e así estamos a comprobalo, de máximo interese público, o Plan integrado de seguridade viaria en vías provinciais, a través das sendas peonís e as travesías, o Plan de conservación de investimentos en estradas provinciais, o Plan de emprego local, o Plan único 2019 de obras e servizos municipais.

No orzamento provincial de 2019 refórzase a promoción económica dos sectores primarios, a agricultura, a gandería, a pesca, as enerxías renovables, cunha dotación inicial consecuencia dos recursos dispoñibles. Contémplanse programas de solidariedade destinados ás comunidades galegas no exterior, a organizacións non gobernamentais, e a asociacións e entidades prestadoras de servizos sociais, ao propio tempo estimamos prioritarias as dotacións de servizos sociais municipais, cuxas previsións iniciais pretendemos incrementar, así como coordinar a súa xestión coa Comunidade Autónoma e con outras entidades públicas e privadas.

Incrementamos tamén os recursos destinados a outros programas que consideramos prioritarios e preferentes, a promoción da igualdade da muller, o fomento da lingua ou a rede cultural son exemplos claros.

Destinaremos importantes recursos aos plans provinciais e aos convenios para investimentos municipais para mellorar as estruturas e servizos municipais que tan directamente afectan ao benestar cidadán. Nunha primeira aproximación destinarase para este fin un total de 87.024.739,41 euros.

Do mesmo xeito queremos seguir avanzando co proxecto de mobilidade integrado no Plan director, que pretende seguir coa iniciativa implementada pola anterior Corporación provincial, como é neste caso o carril bicicleta metropolitano,que xa se está executando en colaboración cos concellos de Oleiros, Cambre, Carral, Culleredo, A Coruña ou a propia A Laracha. Este novo proxecto concretarase no programa tamén Vías verdes, no programa Camiño dos faros ou no programa de Sendas. Con este proxecto preténdense distintos obxectivos: unha alternativa de transporte limpo, unha infraestrutura deportiva, un atractivo turístico e económico, e unha ferramenta de desenvolvemento local que continúa a xerar emprego e a asentar poboación no territorio.

Non podo finalizar esta referencia aos gastos provinciais de 2019 sen manifestar a extraordinaria contención de gasto corrente que limitan a súa dotación aos mínimos legais e operativos imprescindibles.

Comentar que as bases de execución do orzamento manteñen unha estrutura similar á do exercicio corrente e anteriores, tendéndose e introducindo algunhas modificacións para adaptalas ás novidades normativas, e outras tamén para acadar unha mellor xestión. En síntese, a través delas, como saben, que se regulan as previsións de estimación de ingresos e gastos que se adecúan e que resulten finalmente da aplicación da Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2019, ou as normas para adaptar a xestión de subvencións dirixidas a entidades públicas e privadas e as circunstancias económicas e financeiras do exercicio 2019, e que serven para mellorar a súa xestión e implementar a xestión electrónica.

Regúlase, así mesmo, o fondo de continxencia provincia dotado con 3.672.200 euros, para atender as necesidades imprevistas, non discrecionais, durante o exercicio e cuxo 75% dispoñible no día 31 do mes de outubro poderá destinarse a novos investimentos financeiramente sostibles, nas condicións que permitan as normas de aplicación. Inclúense tamén a adaptación das normas de función interventora para a aplicación do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

Como xa é sabido, non se contempla ingreso ningún pola participación nos tributos da Comunidade Autónoma. A actual regulamentación do Fondo Galego de Cooperación Local non contempla as deputacións provinciais entre os seus destinatarios. É a miña obriga institucional manifestar que se está incumprindo un ano máis ao noso entender o mandato contido no artigo 142 da Constitución Española, xa que cando establece que as entidades locais participarán nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas refírese a todas as entidades locais enumeradas nos artigos anteriores do propio texto constitucional, é dicir, os concellos e tamén, por suposto, as deputacións.

Aproveito, polo tanto, a ocasión para trasladarlles algunhas propostas neste sentido. Paréceme necesario e urxente atopar un maior consenso político para actualizar e clarificar as competencias locais a concellos e deputacións. Comparto os obxectivos de racionalización e simplificación da administración local para reducir o seu costo operativo e para mellorar a eficacia e a eficiencia na prestación dos servizos públicos que nos encomendan, por iso reiteramos a invitación á Xunta de Galicia para programar, xunto cos concellos da provincia, as liñas de subvención a

outorgar e os investimentos que se van realizar, un Plan estratéxico provincial de subvencións con criterios obxectivos.

O período de programación de fondos europeos constitúe unha oportunidade estratéxica onde a Deputación queremos e podemos participar na definición e execución dos proxectos locais e o financiamento europeo que se xestione desde a Comunidade Autónoma.

Deixar patente a miña convicción de que o Fondo Galego de Cooperación Local debería de recoller unha asignación específica dirixida ás deputacións provinciais, para así dar cumprimento ao establecido no citado artigo 142 da Constitución Española. Non cansarei, por tanto, de insistir na necesidade de abordar o financiamento das entidades locais desde o Estado, desde a Comunidade Autónoma e un novo marco normativo de aplicación. Así mesmo, resulta urxente adaptar as normas de estabilidade orzamentaria para permitir que as entidades locais financeiramente solventes poidan destinar os seus recursos dispoñibles a realizar gastos necesarios ao seu ámbito competencial, non debería manterse por máis tempo as limitacións actuais que reducen as posibilidades de prestar servizos en condicións máis idóneas cando se conta con recursos dispoñibles nos concellos. Seguramente os obxectivos indicados se poderían abordar a través dun novo pacto local que actualice a relación de competencias, que concrete as condicións óptimas de prestación e de financiamento dos servizos públicos e o acordo amplo e consenso de todas as opcións políticas.

Polo tanto, estamos a falar dun orzamento inicial de 183.609.300 euros, repito, un orzamento inicial, que supón un incremento dun 2,6% e que está pensado prioritariamente en poder dotar aos departamentos de recursos que permitan atender os distintos programas e poder sacar as convocatorias tan imprescindibles para entidades e concellos, e sensible e comprometido para dotar aos departamentos de economías para realizar as súas responsabilidades, que ben saben vostedes que se irán incrementando nos distintos EMC ao longo do ano, como se vén facendo durante esta lexislatura.

Para finalizar, estou en condicións de asegurar que o orzamento que presentamos é un compromiso coa nosa provincia, cos nosos veciños, é rigoroso, é un orzamento comprometido co fomento do emprego como proba o incremento ao longo da lexislatura, é municipalista con pleno respecto á súa autonomía, a autonomía e a sensibilidade cos concellos, sensibilidade con temas sociais, culturais, austero en todo o referido ao gasto corrente, e dinámico no senso de novas incorporacións ao longo do ano. Un orzamento, por tanto, que vén reflectir a boa senda iniciada nos orzamentos de 2016 e que vén reflectir un aumento en todas as partidas e seccións, un compromiso coa provincia, como dicía, e por suposto cos concellos.

En definitiva, os tempos actuais requiren unha nova forma de gobernar, nós estámola aplicando, uns novos criterios para administrar, nós estámolos aplicando.

Desde a Deputación da Coruña asumimos modestamente pero decididamente o reto dos novos tempos, desde o rigor, a austeridade, e ofrecendo toda a nosa capacidade de xenerosa negociación. Diálogo, sabedes que para min o diálogo, dicíao o ano pasado, é importante, é fundamental, sempre me atoparedes nese

diálogo, un diálogo que faga posible o mellor servizo e o interese xeral para o presente e para o futuro.

Non podería rematar sen agradecer aos traballadores desta casa, especialmente dun xeito moi especial aos departamentos de Intervención e presupostos pola axuda inestimable para facer estes orzamentos. Espero, polo tanto, obter o apoio dos membros da Corporación a través do diálogo, da negociación e do espírito e do consenso que todos nós ten que orientar o obxectivo de conseguir unha mellor provincia, un maior benestar económico, social para os cidadáns aos que servimos. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Bos días. De entrada anunciar que o voto de Alternativa dos Veciños vai ser positivo aos orzamentos, a pesar de non poder participar o outro día na Comisión Informativa por problemas que tiven que atender no Concello de Oleiros a unha conselleira e aos representantes da Xunta.

Eu mirei os orzamentos, aínda que discrepo dalgunhas cousas, sei que non discrepo no sentido de que non se pode facer máis porque estamos limitados por eses dous e pico por cento que din que temos que levar adiante nas corporacións, sempre e cando haxa recursos, indubidablemente, e temos as arcas cheas nalgúns concellos e na Deputación tamén, e non podemos gastar os cartos. É tremendo dicir que hai un fondo tan grande nas arcas da Deputación e que haxa límites para facer obra pública e servizos para os cidadáns, como digo, iso tamén nos acontece aos concellos. Eu no Concello de Oleiros teño once millóns de euros paralizados que non podo gastar por esa normativa estatal de pagar as débedas do Estado español ou estar simulando que todo vai ben no sentido económico, pero a custa dos concellos deste país e das deputacións.

O orzamento digo que o vou aprobar porque eu non vin a esta institución, nin estou nela, estiven en minoría moitos anos, vinte e oito anos en minoría no Concello de Oleiros, sei o que é estar en minoría, e aqueles que boicotean no Goberno da nación, nos gobernos autonómicos, nos concellos, que non se aproben os orzamentos, non deberan de estar na política, excepto que os vaian aprobar os orzamentos fagan falcatruadas, ou fagan políticas que nada teñen que ver cos problemas realmente do Estado e que o que estea gobernando estea delinquindo ou facendo calquera outra cousa, pero se os orzamentos son os que son e os límites son os que son, está claro que hai que aprobar os orzamentos para que a administración poida funcionar, e os cidadáns, quen os votaron, poidan servirse dos servizos e das obras públicas e de todas aquelas actividades sociais, culturais, etc., para o que están indubidablemente os organismos públicos, para beneficiar á sociedade, non para prexudicala. Polo tanto, nese aspecto clarísimo, o meu apoio sería aínda discrepando, que non discrepo, en profundidade estaría sempre a favor da aprobación do orzamento.

E dicir simplemente, e remato, que eu denunciei varias veces nas mesas de contratación e tamén nas comisións informativas, que é pouco o diñeiro que, neste caso a Deputación, asigna á rede provincial de estradas. A Deputación ten unha rede inmensa de estradas, tremendo, mil e pico quilómetros, se non recordo mal, e con estradas que están obsoletas, estradas que teñen cinco metros de ancho, que están

sen beiravías para pasar os cidadáns por elas, iso hai que abordalo, nun futuro desde logo eu creo que a Deputación debera, non sei se con cargo a resultas, porque é algo que fai directamente a Deputación que non depende de programas determinados, senón que é o propio, manter a infraestrutura propia da Deputación, se este edificio estivera agretado habería que arranxalo, polo tanto, quen di este edificio ou calquera outra propiedade provincial. Polo tanto, eu creo que no futuro deberamos mirar, digo no futuro porque eu vou estar no futuro tamén nesta Corporación, e deberamos mirar de ver cómo arranxamos esas estradas polas que transitan centos de miles de cidadáns do noso país e tamén de fóra, e que se xogan a vida. Eu estaba nunha Comisión agora, e dicían que "nesta estrada imos mellorar o asfalto porque houbo un accidente de tráfico o outro día que se accidentaron tres mozos e un morreu". Non temos que actuar por temas puntuais, temos que actuar para que non acontezan eses feitos.

Polo tanto, eu rogaría que nun futuro que a pesar de que se incrementa o diñeiro nunhas cantidades moi módicas para as estradas, por exemplo, mantemento de estradas 150.000 euros máis, conservación 100.000 euros máis, isto gástoo eu nunha obra de nada, calquera obra pequena de calquera concello saben que ese diñeiro non vale para nada, e o plan de travesías 40.000 euros, sobre o que xa vai, estamos falando de 18 millóns de euros dedicado a este programa, pero paréceme que son moi tímidos os incrementos cando a necesidade é tan grande. En cambio tamén paréceme acertado neste caso o incremento destinado ao emprego, promoción económica, medio, etc., con cinco millóns de euros, si me parece moi acertado, sobre 15.472.000 euros que xa había o ano pasado. Polo tanto, un incremento neste aspecto, no tema laboral e no tema de atender ao rural, etc., paréceme extraordinario. Así como os diñeiros que se achegan a acción social, cultural e deportes, cun incremento de 950.000 no social e 1.475.000 no cultural e deportivo, engadido tamén aos 27 millóns que xa había no orzamento do ano pasado. Son cantidades módicas, pero polo menos se incrementa porque hai que atender, hai que atender aos municipios, moitos dos municipios de Galicia non teñen recursos para moitas das actividades que se deben de desenvolver no seu concello, e a veces por non ter recursos non se fan as cousas. Os concellos que temos máis recursos temos máis posibilidades, pero aqueles, que son a maioría dos noventa e tantos concellos que ten a provincia, non teñen eses recursos e, polo tanto, débese apoiar moito máis esas actividades deses clubs deportivos, os pequenos, non os grandes, os pequenos, que traballan tanto para que os rapaces non estean en sitios que non teñen que estar, na droga, botellón, etc., etc. Para esas actividades creo que todo o que incrementemos quédase curto.

E remato dicindo que, como non puiden vir o outro día, dígoo hoxe, xa sei que non se pode modificar aquí o orzamento, pero que se teña en conta, respecto ao apartado de subvencións, que hai un apartado que van definidas qué subvencións son, porque son anuais, e polo tanto non van a concursos que se sacan abertos a todos os concellos, pois nese apartado de subvencións públicas non se recolle un apoio a unha das feiras, a feira máis importante de España, do Estado español, a feira de olería de Oleiros, que se celebra durante cinco días e que lle dá, promociona, defende, aos poucos oleiros que xa quedan neste país e que, polo tanto, debérase de ter en conta a Oleiros nese aspecto. Non ten nada que ver o que vou dicir agora, o outro día dixen que non votaba o tema de Camariñas, votareino, o que é as palilleiras de Camariñas, faltaba máis que non estivera de acordo coas palilleiras de Camariñas, faltaba máis e faltaba máis que non estivera de acordo con que Buño celebre tamén a

súa feira de olería, pero eu discrepo do que se lles dá. En vez de 80.000 a Buño e 120.000 a Camariñas, démoslle algo ao Concello de Oleiros para facer a feira porque con estas mesmas cantidades facemos as tres feiras e sobran cartos.

Polo tanto, iso é o que quero dicir, nada máis e moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Bo día a todos e a todas. Antes de nada agradecer ao deputado Antonio Leira que en nome do goberno deunos as explicacións necesarias da proposta do orzamento e tamén a todo o persoal involucrado no deseño desta proposta para o vindeiro ano 2019. Sabemos que o deseño dos orzamentos ten unha enorme complicación polo de encadrar partidas, concellos, intervencións, axudas, pero é que ademais e sobre todo é unha declaración de principios, é o documento político, económico e tamén ideolóxico sobre o que se constrúe neste caso toda a acción da Deputación da Coruña. Como xa dixemos na Comisión celebrada na pasada semana, desde Compostela Aberta damos o noso apoio a esta proposta de orzamentos, unha proposta que nos presentades mantén un balance equilibrado e sen endebedamento, puntos cos que loxicamente concordamos.

Este é un apoio desde unha postura claramente construtiva, de favorecer a gobernabilidade da provincia e de apoiar uns orzamentos cos que aínda non compartimos loxicamente o cen por cento. Entendemos, polo contrario, que si reflicten políticas coas que nos identificamos. Sabemos que son orzamentos que están á espera da aprobación dos orzamentos do Estado, polo que dun xeito ou doutro terán modificación que esperamos que sigan na mesma liña porque o noso voto favorable non quere nin pode ser un cheque en branco, pero non debemos de esquecer algunhas cuestións que para nós son cruciais e queremos recordar hoxe no Pleno.

Para Compostela Aberta, para o goberno municipal de Santiago e para a cidadanía de Compostela son moi importantes determinados proxectos concretos, como o arranxo das estradas de Figueiras e de Roxos-Villestro que atravesan dúas das parroquias rurais máis poboadas do noso concello, ou a coñecida como Casa das máquinas, por poñer algún exemplo. A Deputación debe entender estas demandas da cidade de Compostela que ademais están avanzadas, e non pode volver pasar como no ano 2011, ou no ano 2015, que se queden sen facer cando hai xa proxectos comprometidos, ese compromiso debe quedar claro coa execución deses proxectos.

E un ano máis queremos amosar publicamente a nosa decepción con que non se teña deseñado o Plan de grandes cidades, temos falado moito deste asunto. Dada a singularidade da provincia da Coruña, con tres grandes cidades, unha delas a capital do país, este Plan perfilaríase como unha ferramenta fundamental para xestionar os recursos da Deputación do xeito máis eficiente posible, desde o noso punto de vista corrixindo e diminuíndo as fendas que existen na actualidade, seguimos a demandar a súa presentación.

Como xa apuntamos anteriormente, a pesar destas discrepancias, entendemos o importante que é que a Deputación da Coruña conte cuns orzamentos, ferramenta económica esencial para calquera administración pública para desenvolver as súas políticas.

Antes de rematar quero agradecer o diálogo e os compromisos adquiridos para chegar a acordos, así é como nós entendemos a política, facilitando as tarefas de goberno en lugar de entorpecer, pensando no interese xeral por enriba dos intereses de partido, buscando o consenso en vez do conflito, facilitando as políticas progresistas, e non exercendo de freo por cálculo electoral. Esperamos que esta sexa unha actitude recíproca por todos os grupos políticos en cada administración na que estamos representados.

Sen máis, reitero o voto favorable. Moitas grazas.

Sr. Díaz Grandío

Moi bo día a todos. A presentación dun documento orzamentario cadra sempre coa época final do ano co que para nós cremos que é un bo intre para que ademais de debater sobre este proxecto concreto se poida facer balance das liñas políticas que del deveñen e cremos que é un momento para facer ese balance do camiño percorrido desde o anterior debate realizado ou executado hai practicamente un ano.

Por comezar cunha cuestión de orde, o orzamento que se aproba hoxe é o último deste mandato, pero esperemos que os próximos que se traian a debate se dean tamén co partido do desgoberno, co partido do bloqueo selectivo, co Partido Popular fóra do goberno desta institución. Precisamente polo feito de ser o último orzamento do mandato entendemos que debía ser un documento que viñese a emendar algúns dos erros cometidos baixo a nosa apreciación nestes anos, nos que cremos que non se deu unha relación correspondida entre a confianza que o Grupo provincial da Marea Atlántica depositou no actual Grupo de goberno e a capacidade de diálogo deste, salvo honrosas excepcións.

Aínda que despois entraremos neste tema, neste asunto concreto, hai dúas cuestións que nos gustaría salientar neste sentido. En primeiro lugar é algo que ten que ver cun asunto xurdido nun debate hai unhas semanas na Radio Galega sobre o Plan único, naquel momento nós tamén no debate neste Pazo Provincial, e non só este Grupo da Marea Atlántica, senón que tamén acabamos de escoitar ao noso compañeiro Manolo Dios, de Compostela Aberta, falando do demandado Plan de grandes cidades, daqueles concellos con maior poboación e demandámolo porque entendemos que o Plan único non cobre todas as necesidades que os concellos da provincia teñen por cubrir, que xeraba unha desigualdade cos concellos de maior poboación e que denota que se está dando de costas a unha realidade como é que as cidades prestan servizos máis aló dos seus límites administrativos e, polo tanto, é lóxico que teñan un plus económico dada que a súa esixencia é maior. E demandámolo tamén porque entendemos que o mellor para facilitar o traballo dos servizos desta casa era ter todo planificado e ordenado e non deixarse levar pola inercia deste Goberno de contrarrestar as iniquidades deste Plan único mediante subvencións nominativas, como se está a facer. Pero este Grupo apoiouno, e apoiouno por dúas razóns, porque lle parecía unha política valente e para facer políticas valentes hai que ter actitudes valentes, e non covardes como a que se amosou polo Grupo de Goberno no último Pleno ante a última arroutada do Partido Popular contra o Encontro Ibérico, e porque a nosa vontade foi a de favorecer a gobernabilidade da Deputación Provincial da Coruña.

Precisamente por iso apoiamos este orzamento no que ese Plan ten un papel importante e criticamos o feito polo Partido Popular esta mañá, que non critica un Plan senón que estraña un modelo pasado do que sempre nos terán en fronte. Como dicía, apoiamos moitas cousas, tamén as criticamos, pero en ningún momento podemos ser acusados de bloqueo. En segundo lugar, esa vontade de dialogar con este Grupo de Goberno moitas veces bateu co trato que as respectivas agrupacións locais dos seus partidos nos prestaban na cidade da Coruña. Nós somos os primeiros que sempre demandamos que as cuestións locais quedan no local e non chegase a este salón de Plenos da Deputación, pero é certo que iso contrasta con que nós prestamos apoio, facilitamos a gobernabilidade e ofrecemos diálogo permanente, pero non temos o mesmo dos seus partidos na cidade da Coruña. É tan sinxelo como isto, o Partido Popular está nunha liña regresiva na súa posición ideolóxica, as súas políticas son cada vez máis agresivas, máis hostís, máis conservadoras, máis contrarias aos intereses das maiorías sociais e dános a escoller entre facer unha fronte común contra elas ou ben deixarse levar pola onda reaccionaria, ou a ou b.

Feitas estas consideración é necesario engadir que con todos estes condicionantes estivemos ata case o último minuto, ata o tempo de desconto intentando dialogar coa Presidencia e á que ofrecemos un pacto do que toda unha área metropolitana vaise ver beneficiada. O que propoñemos son investimentos que van precisamente en contra desas políticas hostís do Partido Popular e que palíen os efectos do desastre que supuxo para esta área metropolitana o binomio Alberto Feijóo-Mariano Rajoy que tanto dano fixo e fai a esta comarca. Un binomio de castigo a esta área metropolitana motivada por unha derrota nunca aceptada e ante a que propoñemos avances, e propoñemos avances e reforzos en servizos públicos para conseguir, desde logo, avances no ten que ver coa conciliación e a igualdade, como é a rede de canguraxe e a casa de acollida, convenios, e aproveitamos para facer unha crítica que non entendemos como puideron ter sido excluídos no proxecto inicial cando deberían ser cuestións prioritarias.

Incluímos neste pacto reformas como o do COF, o Centro de Orientación Familiar, un centro que é pioneiro pero que ten, que por certo que atende a poboación de toda a área sanitaria da Coruña, pero que ten graves deficiencias estruturais e que foi abandonado a súa sorte pola Xunta de Galicia, e como mostra un botón. No ano 2014 no Goberno autonómico, no que por certo formaba parte o voceiro do Grupo Popular Agustín Hernández, eliminou, contradicindo os reclamos dos traballadores e traballadoras do centro, que clamaban contra a sobresaturación deste centro, eliminou unha praza en xinecoloxía que só a presión social fixo que continuase.

E propoñemos tamén unha mellora nas infraestruturas, levamos anos de castigo por parte da Xunta de Galicia e do Estado cun Goberno do Partido Popular, que o que perdeu nas urnas pretende gañalo a través da utilización partidaria das institucións, paralizando e bloqueando aqueles proxectos nos lugares onde non gobernan. Por iso propoñemos para este pacto o proxecto dunha infraestrutura que mellorará coa actividade dunha infraestrutura que xa está a nacer, como o carril bici metropolitano, coa construción dunha rotonda ciclable na intersección entre as vías Ramón y Cajal e Avenida do Ejército, por onde precisamente circula o vai circular o carril bici metropolitano que une A Coruña con Culleredo, Oleiros e Cambre.

E na nosa vontade metropolitana incluímos por último un plan do que se beneficiará toda a área, con estratexias conxuntas destinadas ao tratamento de

residuos, un Plan de residuos metropolitano innovador e que debe ser pioneiro no noso territorio.

Con todo isto cremos que se dan as condicións para dar apoio a este documento, pero cremos que as formas en que chegamos ata aquí deben ser melloradas porque estiveran cerca de comprometer o noso apoio a este texto. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

A min gustaríame falar despois do Partido Popular, pero vou falar antes, vou intentar facer un prognóstico do que pode ser tamén a súa intervención. En todo caso, bo día a todos e a todas os deputados e deputadas e bo día tamén aos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular que nos acompañan no Pleno.

Por ir por orde dalgunhas cousas que foron saíndo aquí, é curioso, os debates dos orzamentos sempre son interesantes porque tamén sacan á luz moitas das miserias que temos en política, polo tanto, sempre está ben saber por onde van as argumentación para intentar tamén mellorar como persoas e mellorar como políticos tamén cando nos toca. Eu quero agradecer primeiro os tres votos positivos que se acaban de explicitar aquí e intentar matizar algunhas das cuestións que se foron dicindo.

Nesta mesma sala, neste mesmo salón de Plenos, durante catro anos o Grupo político do que eu son portavoz criticou con moita dureza a maneira de repartir os fondos públicos por parte desta Administración, criticounos sobre todo polo que se entendía que era un cambio na baremación da distribución dos fondos. Se recordamos ben aquí hai un pacto non escrito, pero que si todos os alcaldes e alcaldesas, polo menos cos que falo eu, e maioritariamente, porque maioritariamente son maioría na provincia, son do Partido Popular, entendían que os criterios POS eran máis favorables para o conxunto dos concellos da provincia que os criterios DTC que foron os criterios que utilizou o Partido Popular na etapa 2011-2015 para a distribución do segundo plan máis grande que tiña esta administración, tiña un POS, vinte e catro millóns e medio de euros, se non recordo mal, e logo tiña o DTC. O DTC priorizaba absolutamente o investimento nas cidades, curiosamente unha cuestión coa que conflúen agora Marea Atlántica e Compostela Aberta cando din o do Plan das cidades, é dicir, máis diñeiro para as cidades, que xa levan un cacho de pastel grande desta administración pública, podemos facer contas, máis diñeiro para as sociedades implica necesariamente menos diñeiro para os concellos do rural que son a ampla maioría dos concellos desta provincia e que sofren a carencia de ter un plan de financiamento local como é debido, e que teñen que prestarlle servizos a un montón de xente, que seguramente non está aglutinada nun núcleo urbano, pero si está dispersa polo rural, e é moito máis custoso prestar este servizo. Curiosamente tamén o Partido Popular vén continuamente con proxectos que son de competencia autonómica e que quere que financie a Deputación, que tamén significaría restar fondos ao Plan único a concellos.

Todo isto demostra que en política moitas veces a coherencia é o de menos. A min cando me dixeron que hoxe había unha reunión de alcaldes do Partido Popular na Deputación da Coruña, créanme que é así, dixen eu, veñen dicirnos que o estamos facendo ben, porque calquera alcalde do Partido Popular que está hoxe

aquí, calquera, e aí están os datos que se poden contrastar, e xa que estamos aquí se poden visitar os servizos de Intervención para que lle dean os datos oficiais, calquera leva máis do dobre do que levaba no período 2011-2015, calquera, máis do dobre, algún deles que está aquí leva o triplo, e algún menos, sempre hai iso que se chama danos colaterais, pero a maioría é así.

Curiosamente aquí dixemos por activa e por pasiva cando se sacou o Plan único que nos reunimos con todos os alcaldes na Sala Juanjo Gallo na planta sexta, e todos os alcaldes e alcaldesas que estaban alí dixeron, por favor, volvan aos criterios POS, hai que facer un pouco de memoria, volvan aos criterios POS, e cando se presentou o Plan único díxose que era un Plan dinámico, é dicir, que ía distribuír os fondos que tiveramos naquel momento, é dicir, se temos sesenta millóns, sesenta millóns, se temos cento vinte millóns distribuiríanse cento vinte millóns. Polo tanto, dentro do dinamismo dese plan este ano toca inicialmente empezar con menos cantidade, pero esta oposición, ou esta crítica que lle fai o Partido Popular hoxe ao Plan único de concellos, xa se fixo hai dous anos, inicialmente, o que pasa é que ao rematar o ano esa crítica do Partido Popular veuse abaixo como un castelo de naipes porque o Plan pasara de ter setenta millóns de euros a noventa e dous. Polo tanto este plan é moi probable que no mes de febreiro en lugar de ter sesenta e pico millóns teña cen millóns de euros, e a crítica do Partido Popular volvería caer por si mesma. Pero en todo caso, eu considero que en política as cousas fanse ou por convicción ou por descoñecemento cando metemos a pata, calquera que sexa a forza política, ou tamén se fan moitas veces por hipocrisía, porque en política tamén hai moito de hipocrisía. Eu non creo que o Partido Popular, ou non quero crer, que sexa hipócrita, eu atrévome a lanzarlle ao Partido Popular unha proposta, porque xa que estamos nun Pleno, somos políticos e a nosa misión en política é negociar, eu voulle propoñer ao Partido Popular, ao señor portavoz para que o contraste co seu Grupo, facerlle unha proposta en positivo. Xa que o modelo de xestión 2011-2015 parece que é favorable tanto para o Partido Popular como incluso para algún representante de cidades, eu propóñolles unha cousa, para os concellos do Partido Popular utilizamos o criterio DTC e para o resto dos concellos da provincia utilizamos o criterio POS, porque con iso gañaría coherencia a reunión de alcaldes que hai hoxe aquí, propoñámolo así, se iso é así, propoñámolo así. Nós estamos dispostos a que administrativamente traballemos en que haxa eses dous criterios de reparto, que os alcaldes do Partido Popular o decidan democraticamente se queren esta fórmula, porque claro, eu creo que estamos xogando con cuestións que non son menores.

Eu vou recordar algo que recordo sempre, cando me tocou a min vir para aquí como deputado, que me elixiron os meus compañeiros e compañeiras do BNG, houbo unha xornalista que me preguntou, supoño que en Carballo se notará que agora vas ser deputado, e díxenlle, eu agardo que en Carballo se note que pase o que pase, e sexa quen sexa o deputado, Carballo vai ter o que lle toque ter na Deputación. Pois a min gustaríame marchar de aquí e que o meu concello, Carballo, goberne quen goberne en Carballo, que vai haber eleccións municipais, que os criterios sexan tan claros, tan claros, que goberne quen goberne, vai ter o que lle toque, e creo que aquí nesta provincia co Plan único os concellos temos o que nos toca, e logo xa para rematar, facer unha pequena valoración do que foi o Plan. Mire, o Plan nestes tres anos e tomando a contía inicial deste ano, duplica pero con moitísimo os catro anos de xestión do Partido Popular no período 2011-2015, duplícao con moitísimo. Estamos falando de máis de 1.100 obras a día de hoxe esperando xa polas que se teñen que presentar por parte dos concellos contra o Plan de 2019,

moitísimas. Reduciuse a débeda moitísimo nos concellos que estaban realmente endebedamos na provincia da Coruña, é dicir, por un condicionamento das propias bases do Plan. Pagóuselle a provedores ás que as administracións públicas locais da provincia lle debiamos diñeiro, a provedores, a empresas locais, pagóuselle máis de tres millóns e medio de euros. Estanse pagando servizos esenciais municipais de prestación obrigatoria por parte dos concellos como son a recollida do lixo, alumeados públicos, etc. etc., a través do plan. Déuselle unha autonomía absoluta aos concellos para decidir as prioridades de investimento do propio plan, mire, podemos criticar o que nos dea a gaña, efectivamente, estamos para iso aquí, pero xa que o Plan parece que ten un problema, imos analizar o problema, e eu volvo a recordarlles o órdago que acabo de mandar porque sería interesante saber a decisión que toman vostedes.

E xa para rematar, Sr. Grandío, evidentemente esta administración ten moitos defectos, eu creo que a da Coruña tamén os terá, eu sigo a política municipal, ten moitos defectos, pero mire vostede, eu creo que non se lle pode reprochar a esta administración falta de lealdade coa cidade, e non me veña vostede co que fan os meus compañeiros do BNG no salón de Plenos, que será defender politicamente o que poden, o que deben ou o que consideran, pero nós aquí, fíxese vostede. Inicialmente, xa lle gustaría a calquera concello dos que están aquí, sexa da cor política que sexa, e seguramente a todos os do Partido Popular que hoxe están aquí moi maioritariamente, que no orzamento desta administración figurara un millón e medio xa para o Consorcio da Música, non hai ningún. Que esta administración traballara cunha presión absoluta nun tempo récord en sacar un millón de euros para a bancada de Riazor, e para moitísimos proxectos de cidade que se nos foron presentado aquí e que nós colaboramos cunha total complicidade, en patrimonio, en turismo e en benestar onde os técnicos e técnicas do departamento de Benestar cónstame que chamaron unha e outra vez aos técnicos e técnicas do Concello da Coruña para solucionar problemas. Paréceme pouco leal pola súa parte que se nos reprochen cousas que eu creo que non son reprochables, e podemos analizar caso por caso, e seguramente somos un goberno en minoría e facemos algunha cousa que non nos gusta en demasía pero que, efectivamente, temos que sacalo adiante para o ben da provincia, pero eu creo que hai algúns reproches que sobran.

E xa por último, e falando de política xeral, todos os que estamos aquí e todas defendemos que, ben, eu creo que o Partido Popular non exactamente, defende a continuidade das deputacións con outro criterio totalmente diferente, pero algunhas forzas políticas que non cremos firmemente en que esta Administración deba seguir existindo, defendemos que se existe e mentres existe ten que servir sobre todo aos concellos que teñen menos capacidade de xestión, aos de menos de 20.000 habitantes e as vilas intermedias tamén, por suposto. Agora mesmo parece que está de moda analizar os criterios de baremación do POS, efectivamente pódense analizar de múltiples maneiras, e eu xa digo, é un debate que hai que abrir e que ademais hai que facer números, pero eu creo que os criterios de baremación do POS son os correctos, eu creo que o POS é o gran instrumento que ten esta administración para servir aos concellos da nosa provincia, e é máis, aínda que ao Sr. Agustín Hernández non lle guste, eu creo que o POS é realmente un instrumento revolucionario porque fíxese vostede, eu falei aquí de que a min me elixiron os meus compañeiros e compañeiras de militancia e que teñen representación nos diferentes concellos da provincia, pero eses señores que están aí, cos que eu a veces non comparto folla de ruta porque pertencen a unha forza política diametralmente diferente a miña en moitas cousas, aínda que en xestión si somos capaces de entendernos, a eses señores que

están aí, e a esas señoras, elíxennos os veciños e as veciñas, e o que está facendo o Plan único da Deputación é darlle capacidade aos concellos con representantes elixidos polos veciños e veciñas, a ter a suficiente autonomía local para curar as feridas e para arranxar os problemas que eles consideran que son prioritarios para a súa sociedade.

Polo tanto, efectivamente, a crítica en política é fundamental, é a única ferramenta que sirve para avanzar, pero eu creo que, con todos os erros que poidamos ter como administración, eu creo que non debería de haber moita queixa, nin por parte dos concellos, nin por parte das cidades, e cando queiran facemos números, con números oficiais, e vemos se hai Plan de cidades neste concello ou non.

E para rematar, o que non se pode é criticar continuamente, e eu critiqueinas durante catro anos, polo tanto entendo que algo de razón podo ter para dicir o que vou dicir, as nominativas, continuamente as nominativas e pedir nominativas unha tras outras todos os días. Fagamos tamén un exercicio, unha reflexión, sobre o que son os nosos discursos porque ás veces eu perdoo moitas cousas, e erros perdoos de todas as maneiras posibles, e tamén perdoo a falta de coherencia, porque eu son incoherente bastantes veces para a miña desgraza, pero eu creo que hai cousas que están totalmente fóra de lugar. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, bos días, un saúdo especial aos alcaldes e concelleiros que están hoxe aquí asistindo a este Pleno, un Pleno de orzamentos que a verdade que escoitando ao portavoz neste caso da Marea de Podemos da Coruña e ao portavoz do BNG en certa medida, pensaba que se nós estabamos na presidencia da Deputación porque as críticas é sorprendente que se dirixan ao grupo maioritario da oposición pero ben, nós temos claro que estamos na oposición e non sabemos onde estaremos, dígoo porque hai xente que si que parece que o sabe, a partir do mes de maio de 2019, traballaremos para loxicamente mellorar as nosas expectativas que é a nosa obriga, entre outras cuestións porque cremos que a nosa forza política ofrece mellores cuestións e mellor futuro á provincia.

Estamos hoxe ante o último debate dos orzamentos do mandato 15-19, polo tanto é o momento axeitado para facer balance, para analizar o que ocorreu nestes tres anos e pico, ou que probablemente ocorra de aquí ao final do mandato, en definitiva para saber se a provincia está mellor ou está peor, se esta institución ten achegado á nosa provincia o que correspondería oo seu peso institucional para apoiar o progreso da provincia, que é do que se trata, se a Deputación provincial está mellor ou está peor que hai catro anos, se presta mellor ou peor as súas funcións e exerce mellor as súas competencias, se é máis ou menos útil para os concellos da nosa provincia, en definitiva se é máis útil para eses veciños aos que todos nos debemos.

Permítanme neste último debate orzamentario do mandato partir do inicio deste para precisamente facer balance. E que mellor forma de facer balance que partir do propio discurso programático de vostede, Sr. Presidente, Sr. González Formoso, no Pleno de constitución desta Corporación o pasado dezaseis de xullo de dous mil quince. Señor González Formoso avanzou nese discurso que tiña a intención de "mellorar a cooperación e a colaboración intermunicipal creando neste mandato

unha mesa de diálogo cos concellos para recoller as propostas e suxestións, para a planificación dos diversos plans de investimentos, así mesmo" -continúo lendo a súa intervención- "promoveremos como órgano consultivo un Consello provincial de alcaldes e alcaldesas, foro onde intercambiar experiencias na xestión municipal dos 93 concellos da Coruña, desde a convicción de que as mellores prácticas deben ser postas en valor". Nesa mesma sesión, Sr. González Formoso, vostede anunciaba a promoción e o desenvolvemento de novos programas e accións de carácter intermunicipal que favoreceran a colaboración e traballo en rede. Tamén anunciou a atención prioritaria aos municipios de menor tamaño, a redución dos gastos correntes e de funcionamento, así como dos gastos de representación, así mesmo anunciou a blindaxe do gasto social garantindo que ningún, e resalto o de ningún, exercicio sería menor ese gasto que o do ano anterior. Compromisos importantes, é certo, e tamén necesarios, xunto co anuncio de impulsar reunións de coordinación coa Xunta de Galicia para delimitar competencias e optimizar a asignación de recursos, así como a implicación da Deputación na creación de emprego, e a continuidade dos plans provinciais de apoio e cooperación.

Naquela sesión plenaria, Sr. González Formoso, trasladou vostede unha serie de obxectivos para os que contaba con socios que lle permitiron contar cos apoios suficientes para ser Presidente, obviando daquela calquera achegamento, negociación ou pacto coa forza maioritaria da provincia que daquela era, e aínda o é hoxe, o Partido Popular de Galicia. Decidiu vostede, Sr. Formoso, iniciar un camiño cuns socios entre os que se atopaban forzas políticas que non dubidaron e non dubidan, como acabamos de comprobar, en manifestar que desexan e traballan para a liquidación desta administración, iso si, mentres traballan teoricamente para demolela, sóbense aos seus coches oficiais e participan na súa xestión.

Naquel agora xa lonxe 16 de xullo de 2015 tiña vostede, Sr. Formoso, grandes e interesantes retos cara a esta Deputación, e partía vostede dunha situación económica envexable, e non o digo eu, non, senón que o dicía vostede mesmo, e remítome ás palabras do Sr. Leira no Pleno do primeiro orzamento deste mandato no que afirmaba: "...Destacar a saúde económica e a xestión de anteriores corporacións. Quero facer unha mención especial a todas as corporacións que fixeron neste eido esforzos importantes situando á Deputación da Coruña á cabeza de todo o Estado español en débeda cero", ou cando dicía o mesmo Sr. Leira: "...A Deputación da Coruña atópase nunha situación financeira saudable ao non precisar, como dicía antes, a apelación ao crédito para o seu financiamento.

Recórdolle, Sr. Formoso, que nese mesmo debate recoñeceu vostede o esforzo das corporacións anteriores para situar á Deputación da Coruña á cabeza das administracións locais con débeda cero, cuestión que vostede mesmo gabou, e remítome ás actas.

Partía vostede, Sr. González Formoso, dunha situación moi positiva, e de que medios dispuxo e vai dispor vostede ao longo deste mandato?, pois exactamente de 714.673.335 euros, Sr. Formoso, a razón de 176 en 2016, 177 en 2017, 179 aproximadamente en 2018 e os 183 do vindeiro ano 2019, máis de 700 millóns de euros nos orzamentos do seu mandato, substancialmente máis que os 622,6 millóns de euros do mandato anterior do Partido Popular, un 15% máis de recursos. Sr. González Formoso, a pregunta que toca hoxe é saber se eses recursos se investiron correctamente, se contribuíron a xerar riqueza, progreso e emprego, se serviron para

dinamizar a provincia, para levar a cabo as liñas mestras desengranadas por vostede mesmo no Pleno do inicio do mandato. Para nós e, por desgraza, para moitos alcaldes da provincia, como queda patente hoxe neste salón de Plenos a resposta é que non.

Estamos no debate do último orzamento dun mandato decepcionante, Sr. Formoso, podería ter vostede iniciado o mandato elaborando e traballando para planificar a provincia dunha forma global, para confeccionar un plan estratéxico que tivera en conta a todos os axentes actuais da provincia de xeito que deseñara e planificar todas as políticas na procura das necesarias sinerxias con outras administracións e mesmo coa iniciativa privada. Podería vostede ter confeccionado, polo menos, ese Plan estratéxico de subvención que, informe tras informe, lle reclama a Intervención desta casa por ser, por certo, unha obriga legal. Pero vostede decidiu non facer nada, subirse ao seu sillón de presidente e deixar que pasara o tempo do mandato. Onde está Sr. González Formoso ese prometido consello provincial de alcaldes e esa mesa de diálogo cos concellos?, probablemente se a puxera vostede en marcha teríase aforrado o espectáculo de hoxe con estes alcaldes hoxe aquí neste salón de Plenos presentes que como lexítimos representantes dos seus veciños non tiveron máis remedio que vir ás portas desta institución para denunciar o recorte ao que está vostede sometendo aos seus veciños, recorte e parálise, Sr. Formoso. Denunciar, en definitiva, por parte destes acaldes, os cartos dos que está vostede privando aos seus veciños.

Prometeu vostede, Sr. Formoso, naquela sesión constitutiva unha acción decidida para favorecer a colaboración e o traballo en rede e eliminou dun plumazo as axudas ás mancomunidades, axudas que na nosa opinión son moi importantes para incentivar a necesaria e imprescindible cooperación entre os concellos máis pequenos para que gañen en masa crítica. Onde está, Sr. Formoso, o avance na coordinación coa Xunta de Galicia para delimitar competencias e optimizar e asignar recursos? falou vostede en varias ocasións do Consorcio Provincial Contraincendios pero non comprobamos ningún avance na xestión dos Grupos de emerxencia supramunicipais a pesar das nosas peticións ao respecto. En Santiago de Compostela mesmamente aínda estamos esperando a xestión mancomunada do servizo de bombeiros, posto que despois de varias reunións coa conseguinte foto, por certo, e nota de prensa, nada se avanzou por parte desta Deputación e o Concello de Santiago, iso si, estou seguro que tanto vostede como o alcalde de Santiago dirán que a culpa é da Xunta ou quizais do Sr. Montoro polas súas limitacións ao respecto dos cadros de persoal municipais, canto tempo van seguir vostedes utilizando estes pretextos para xustificar a súa manifesta inacción?

En xullo de 2015 adiantaba vostede que garantiría a continuidade dos plans provinciais de apoio e cooperación e que priorizaría aos municipios de menor tamaño, está claro que esta afirmación está absolutamente alonxada da realidade do mandato e do exercicio 2019. Decidiron vostedes, é certo, concentrar todos os recursos para os concellos no que denominaran de xeito rimbombante e denominan POS+, o POS+ permítelles a vostedes poñerse de perfil nalgúns asuntos nos que a Deputación debería de exercer de concello dos concellos. Coa xustificación de que os concellos poden dedicar o POS+ ao que estimen negáronse a implicarse na xestión das canceiras provinciais, na axuda aos concellos para a Lei de protección de datos ou na xestión das emerxencias. O POS+ posibilitoulles poñerse de perfil ante os problemas municipais demostrando unha total falta de política e unha ausencia total de

planificación a nivel da provincia. Se iso é grave, máis grave é a diminución dos recursos no referido Plan único, pasaron, e son datos do orzamento, orzamento inicial do 2018 e do 2019, pasaron de 76 millóns de euros no Plan de 2018 a 61,5 no Plan de 2019, é dicir, 14,5 millóns menos para todos os concellos da provincia. Como é posible esta diminución do 19% se o orzamento provincial crece? como é posible iso? a que obedece esa circunstancia? E esta, como dixen, é unha comparación homoxénea entre cantidades iniciais de 2018 e 2019, non falen como fixeron, ben, poden falar, pero loxicamente nós os futuribles non os podemos valorar.

Que pretenden facer vostedes cos cartos que agora non meten no orzamento?, argumentarán e argumentaron vostedes que ao longo do ano haberá máis recursos, haberá modificativos e incrementarase a dotación, pode que sexa así, ou non, pode que sexa así ou non, non temos claro cal será o importe, non o teñen vostedes tampouco, non temos claro que é o que pasará co contexto nacional e os orzamentos xerais do Estado, polo que non podemos fiar a nosa posición a uns futuribles, a nosa obriga, como non podía ser doutro xeito, é valorar e posicionarnos sobre os datos e cifras que están neste orzamento que se vai votar hoxe. A pesar de ser un orzamento que incrementa a súa dotación nuns aproximadamente 2,6 millóns de euros, nós consideramos que é un orzamento minguante e decepcionante, un orzamento que repite os erros dos orzamentos anteriores, falto de valentía e de ambición.

Sr. González Formoso, referireime de forma sucinta a algunhas das cifras para argumentar o noso posicionamento político en contra, e comezarei facendo unha reflexión respecto dos ingresos, como supoño que lembrará vostede no debate do orzamento 2017 solicitamos a baixada da taxa polos servizos de recadación municipal. Naquel orzamento a partida prevista no código 32901 era de algo máis de oito millóns de euros, argumentamos daquela que se podía rebaixar esa taxa do 5 ao 2,5% para a recadación en fase voluntaria. Solicitamos tamén, estou falando do ano 2017, a reordenación e renegociación dos prazos de vixencia dos convenios que permiten a xestión tributaria por parte da Deputación co obxecto precisamente de dar seguridade e estabilidade aos empregados desta casa. A pesar de que durante este mandato trasladamos esa petición en diversas ocasións e que por parte do goberno se respostou que se analizaría o custo do servizo e a posible rebaixa no orzamento para 2019 como subliñou o señor deputado responsable na Comisión correspondente, no 2019 mantense a mesma previsión baixo o argumento de que o custo do servizo é maior que a recadación. Este Grupo non coñece o fundamento desa afirmación que, como mínimo se nos tiña que trasladar co correspondente soporte documental. Por certo, a cantidade prevista nos ingresos de 2019 para esa partida pasou de 8,1 no 2017 a máis de 10 millóns, que é a partida que aparece reflectida no orzamento para o vindeiro ano.

Referireime tamén a algunhas das partidas dos gastos. Anunciou vostede, Sr. Formoso, en 2015 a redución do gasto corrente, e ese gasto non deixou de medrar, pasando de 22,5 millóns de euros en 2016 a 26,5 millóns de euros en 2019. Lémbrolle, Sr. Presidente, que o gasto corrente do último orzamento do goberno de Diego Calvo como presidente ascendía a 24,2 millóns de euros. Non soamente non o diminuíu senón que o incrementou desde o 2015 en máis de 2,2 millóns de euros, un incremento do 9,2% fronte a un incremento do orzamento da Deputación do 7,1%, máis peso do gasto corrente no orzamento total, xusto o contrario que dixo que faría. Tamén afirmou que diminuiría os gastos de representación e, Sr. Formoso, tampouco

niso vostede cumpriu, posto que a pesar da redución do custo por parte desta Corporación, do custo da propia Corporación, no orzamento de 2019 dedican vostedes a área de Presidencia, Prensa e Relacións Públicas e Protocolo unha cantidade próxima aos dous millóns de euros, fronte a 1,8 millóns de euros do último goberno do Partido Popular, tampouco neste apartado cumpriu vostede a súa palabra.

Mire, Sr. González Formoso, ata no parque móbil vostede incrementou os gastos, pasando de 440.000 euros a 579.000 euros, 139.000 euros máis que en 2015, o 31,5% máis en parque móbil. Podería seguir estendéndome no resto das partidas, pero permítame que me deteña noutra partida sobre a que vostede adquiriu un compromiso solemne o 16 de xullo de 2015, dixo vostede: "Por suposto, blindaremos o investimento social, co compromiso de que o orzamento que destinamos a esta área non será nunca inferior ao do ano anterior", pois si, Sr. Formoso, foi inferior ao do ano anterior no ano 2017, e iso foi criticado por este Grupo, supoño que esa crítica feita por este portavoz fíxolles recapacitar e volver á senda do crecemento en 2018 e 2019, benvida esa rectificación.

Vou rematando, Sr. Formoso, pero non obstante, antes de finalizar gustaríame facer unha referencia respecto ás políticas de igualdade de xénero, especialmente nesta datas próximas ao 25 de novembro. Está ben loitar pola igualdade de xénero, está ben dotar presupostariamente pola igualdade de xénero, pero hai un dato importante, as vontades políticas as administracións lévanas a cabo a través dos seus orzamentos e a realidade é que no 2019 vostedes dedican a políticas de igualdade de xénero 730.000 euros, fronte a 1.163.000 euros do orzamento de 2015 do Partido Popular, un 37% menos para políticas de igualdade de xénero, esa é a realidade das súas políticas.

Sr. Presidente, se decepcionante é este orzamento, tamén o é o funcionamento desta casa nos últimos tempos. A diminución dos recursos para os concellos e á falla de diálogo e de resposta desta administración fronte ás necesidades dos concellos hai que sumar a lentitude e os problemas de tramitación que todos os días nos trasladan os nosos alcaldes e tamén diferentes entidades e colectivos da provincia.

É vostede consciente, Sr. Presidente, dos problemas que se xeran nos diferentes colectivos á hora de xustificar e acreditar o cumprimento de convenios asinados? e non me refiro ao control imprescindible para garantir unha correcta aplicación dos fondos, senón na tramitación que se eterniza, e a petición da documentación que unicamente logra retrasar a concesión das axudas.

É vostede consciente dos atrasos nos plans e nas actuacións en infraestruturas desta casa, en infraestruturas de titularidade da propia Deputación, como é a rede de vías provinciais?, nós cremos que hai un manifesto abandono das vías provinciais, e cremos que debería de haber un plan claro, un plan transparente e participado para a reparación e para a actuación nas diferentes vías provinciais. É vostede, Sr. Presidente, consciente, por citar un exemplo, dos problemas que se xeran nas entidades deportivas da provincia polo atraso na tramitación das diferentes liñas de axuda?, mesmamente hai axudas correspondentes a este ano en materia deportiva que se publicaron neste mesmo mes de novembro, como van poder cumprir os requirimentos se as axudas son publicadas no mes de novembro, Sr. Presidente. É vostede consciente da lentitude das tramitacións?

Persoalmente, Sr. González Formoso, o trato con vostede sinceramente é correcto, mesmo podería dicir que cordial, penso que esa afirmación podería ser subscrita pola maioría, por non dicir todos os alcaldes da provincia. Non obstante, sinceramente, ao presidente da Deputación débeselle esixir algo máis, e debe achegar algo máis, algo máis, con todos os respectos o digo, que ao alcalde das Pontes, compromiso coa provincia, con toda ela, por riba dos lexítimos intereses do seu concello. Sr. Formoso, o derradeiro episodio da súa forma de entender a representación desta provincia témola esta mesma semana. Foi vostede a Madrid, está ben, a preocuparse dun problema, pero unicamente dos intereses do seu concello, obviando que en materia de xeración eléctrica a provincia é algo máis cas Pontes. Obviou vostede unha comarca importante, como é a de Meirama e os intereses de centos, de milleiros de veciños desta provincia, especialmente do entorno de Cerceda e Ordes. Sr. Formoso, en calidade de que foi vostede a Madrid?, de secretario provincial do PSOE, de alcalde das Pontes?, porque nós temos claro que non foi como presidente da Deputación, supoño que loxicamente esa viaxe non sería pagado con cargo aos orzamentos desta casa. Por que non advertiu vostede desa visita ao seu compañeiro de corporación, o Sr. García Liñares?, ou é que Meirama é de segunda para vostede? Sr. García Liñares, permítame que me dirixa a vostede, que pensa vostede da actitude do seu presidente?, eu a verdade é que penso que vostede non debería seguir sentado nese sitio ante esa actitude, xa sei que vostede igual non está pasando o mellor momento político, pero creo sinceramente que neste episodio é aplicable o dito de que non hai peor cuña ca da propia madeira.

Sr. González Formoso, con esa viaxe a Madrid está vostede abdicando da súa responsabilidade de presidente da Deputación de todos os coruñeses e de todas as coruñesas. Compromiso, planificación coa provincia, proactividade na solución dos problemas, presenza no territorio, máis alá da política de xestos e de mera propaganda. Recursos tivo, Sr. Formoso, tivo e ten, como lle sinalei ao principio da miña intervención, máis de 700 millóns de euros no mandato, moitos millóns de euros, se vostede estivera á altura da súa responsabilidade teríase aforrado a demostración de rexeitamento de hoxe por parte de moitos alcaldes desta provincia, son do Partido Popular pero son alcaldes e lexítimos representantes dos seus veciños. E tamén,se vostede tivera unha mínima altura, tamén tería aforrado aos nosos alcaldes ter que vir a este Pleno a reclamar o que en xustiza lles pertence, non a eles, senón aos seus veciños. Atenda, Sr. Formoso a estes alcaldes, e ao resto de alcaldes da provincia e rectifique vostede respecto da situación desta casa, porque nós cremos que de non rectificar iremos por mal camiño.

Polo tanto, por todas estas cuestións que acabo de subliñar, vostede non vai contar co noso apoio para estes orzamentos. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas, Sr. Hernández a verdade é que empezamos a campaña, e claro, a veces un no fragor da batalla cando empeza a campaña emociónase tanto que non é consciente de que pode rematar facendo o ridículo, e argumentando entre outras cousas na votación dun orzamento para unha institución pública, unha cuestión que ten que ver, segundo vostede e iso amosa o seu descoñecemento sobre esa cuestión, sobre o Concello das Pontes no tema da

minería, pero entendo que aí o presidente falará despois con máis amplitude sobre este tema, pero si recórdolle que afecta a toda unha bisbarra, non a un concello en exclusiva.

Pero en todo caso, dentro dese fragor da batalla e da emoción que ten ademais ter aquí ao público da casa para sentirse un pouco máis respaldado, resulta que comeza dicindo que esta Deputación non cumpre obxectivos en canto á xeración de emprego e apoiar a sectores económicos e acaba dicindo que esta Deputación lle rouba cartos aos concellos do Partido Popular, por certo, só do Partido Popular. Iso é como aquilo do que non ve a palla no ollo alleo e no seu caso xa non é que non vexa a viga no propio e que non ve vostede cincuenta ferrados de monte no ollo propio.

Entón, como as palabras están moi ben e vostede fai unha argumentación perfecta na que, por certo, achega poucos datos, a mellor forma de desmontalo, como viñemos facendo ao longo desta lexislatura é con datos obxectivos. Imos facer memoria, cando aprobamos o Plan único vostedes fixeron o mesmo espectáculo de hoxe, manifestándose na porta desta institución, para dicir que recibían menos cartos. Que pasou no 17 e no 18?, pois no 18, 76 millóns de euros inicialmente co Plan único que chegaron a 92 ao longo da lexislatura, porque xa dixemos no seu momento, inicialmente, que este era un proxecto e era un plan dinámico e vivo, que se van facendo incorporacións de fondos ao longo da lexislatura, que pasou?, que a realidade desmontou a súa argumentación no seu momento, que pasa agora?, pois o mesmo, porque o argumento segue sendo o mesmo. E cal é o problema, Sr. Hernández?, o problema é que vostedes carecen da lexitimidade moral para esixir en ningunha administración nin dar lecciónns sobre o reparto de fondos, porque o problema que hai aquí non é que non lles guste o POS+, nin que se lle roube a ningún concello, porque despois darei datos moi concretos que son que no período 17, 18 e 19 os concellos desta provincia van recibir 144 millóns de euros máis que no período anterior cando gobernaba esta institución o Sr. Diego Calvo e, polo tanto, o Partido Popular, e ese é un dato incontestable. Pero é que ademais, Sr. Hernández, eses fondos se reparten de forma equitativa, con criterios obxectivos, xa non é que repartamos 144 millóns de euros máis en tres anos, senón que ademais facémolo con criterios obxectivos, eliminando o elemento, á hora de tomar a decisión de fondos que se reparten, da cor política do concello. Gustaríame que me explicara vostede, que ademais foi membro do goberno da Xunta, como repartía os fondos cando era conselleiro, que criterios obxectivos utilizaba, se quere podemos falar do Plan Urban, ou podemos falar se quere vostede de como unha convocatoria de subvencións da Xunta de Galicia, de estas que son por orde de chegada, que recorda aquilo de "veñen os Rolling a Santiago, vou tres días antes a durmir á porta para coller entradas", é un pouco o sistema que utiliza a Xunta de Galicia, no que resulta que un concello, no momento en que sae a convocatoria, ás doce da noite, ás doce e cinco minutos, nun só día ten preparada a declaración responsable do conxunto das axudas, certificación da Secretaría, memoria xustificativa, memoria explicativa, orzamento, planos nas solicitudes de obras e memoria explicativa orzamento local sobre solicitudes para equipamento, que casualidade, Plan Urban, todos menos un do Partido Popular. En cinco minutos un concello, que deben ser un exemplo para estudar, xa non nas universidades deste país, nas máis prestixiosas do mundo, de xestión, como en cinco minutos pode ter un toda a documentación que supostamente descoñece, porque tivo cinco minutos para lela, e resulta que vimos aquí á Deputación provincial da Coruña a dicir que lle roubamos cartos, a quén lle roubamos cartos? Roubámoslles cartos por exemplo ao Concello de Boiro que en 2013 recibiu

595.000 euros e no ano 2018 co POS recibiu 1.436.000?, roubámoslle cartos ao Concello da Baña, que está aquí o seu alcalde, que recibiu no ano 2013 395.000 euros e recibiu no 2018 co POS+ 903.000 euros?, roubámoslle cartos ao Concello de Mañón, que recibiu no ano 2013 294.000 euros e recibiu no ano 2018 623.000?, roubámoslle cartos ao Concello da Laracha que recibiu no ano 2013 560.000 euros e recibe agora 1.332.000 euros?, e así podería seguir ao longo dos 93 concellos desta provincia, Sr. Hernández, e seguramente poderá haber un, ou dous, como moito, que poidan recibir menos nalgún momento.

Pero sabe cál é o problema?, o problema xa non é, porque vostedes saben e teñen os datos que non é certo o que din, aquí non se lle rouba nada a ninguén, e este argumento poderiámosllo comprar se fora a primeira vez que o utiliza, porque agora di vostede é que hai unha diminución no Plan único con respecto ao ano anterior e, polo tanto, nos quitan tantos millóns de euros. O problema é que ese argumento xa o utilizou vostede no ano 2017 e a realidade desmontou a súa argumentación, ese é o problema, pero o elemento sobre o que pivota toda esta argumentación é un que vostedes esconden, Sr. Hernández, e é que vostedes non están de acordo en que os fondos se repartan de forma con criterios obxectivos, e o amosan día a día nas administracións nas que xestionan vostedes, e o amosaron durante os anos de goberno desta Deputación, pero dígano abertamente, cal e o problema? acaso se avergoñan?, non deben estar moi de acordo cos seus pensamentos a este respecto cando non o din publicamente, e necesita inventarse argumentacións e montar unha parafernalia dicindo que a Deputación lle rouba non sei a quen.

Por que non din claramente? a nós gústanos o Plan único porque usa criterios obxectivos, e a nós o que nos gusta é repartir o diñeiro con criterios políticos, mirando a cor de quen goberna en cada concello, Sr. Hernández, pervertendo esta institución cun plan DTC que primaba ás grandes cidades en detrimento dos concellos pequenos, e non cumprindo co obxectivo dunha Deputación, que é precisamente o de prestar axuda, auxilio aos concellos de menor capacidade económica e de menor tamaño e menos habitantes, para que? para diminuír a fenda que hai entre as persoas que viven no rural e os concellos pequenos e os que viven nas cidades. E para garantir que as persoas que viven no rural e nos concellos pequenos poidan desfrutar de servizos e infraestruturas iguais ou similares ás que desfrutan os veciños das cidades. Esa é verdadeira función dunha Deputación, e con isto tamén me dirixo á Marea Atlántica.

Evidentemente, pode haber aspectos que sexan mellorables da xestión, pero sempre sen perder de vista que a función desta institución é colaborar cos concellos pequenos. Onde estaban os alcaldes do PP cando sacou o Plan DTC?, onde estaban? acaso aí non se lle roubaban cartos?, non recibían menos que agora?, bastante menos, como acabamos de comprobar, nalgún caso a metade menos e noutros o triplo incluso, e estaban calados, por que? porque onde manda patrón, Sr. Hernández, non manda mariñeiro. E cando gobernamos a institución desde o Partido Popular aquí non se move ningún porque senón non sae na foto, e tragamos o que faga falla, e aí non somos os abandeirados da defensa dos intereses dos nosos veciños e veciñas, non, non. Aí o que fai a institución gobernada polo noso Partido é todo unha marabilla e é xenial, e resulta que logo vén outra administración que lles dá o dobre e di que lles rouba, o nunca visto, Sr. Hernández.

Falaba vostede tamén da xeración de emprego, aquí sacamos un PEL, Plan de emprego local, saben canto destinaban vostedes a emprego na etapa anterior do Sr. Diego Calvo?, en tres anos, catro millóns e medio de euros, sabe canto destinou esta institución?, trinta millóns de euros Sr. Hernández, trinta millóns de euros á creación de emprego, apoio aos emprendedores que xeraron entre outras cousas ao longo e ancho da provincia máis de 2.400 empregos que favoreceron a máis de 423 pequenas empresas e autónomos, trinta millóns fronte a catro millóns e medio, que nos permitiron aos concellos da provincia, incluídos aos dos alcaldes do Partido Popular, contratar a 1.500 persoas, que nos axudaron precisamente a mellorar os servizos que prestamos aos cidadáns, porque todos sabemos das limitacións á contratación que temos nas administracións públicas, por certo, das medidas aprobadas polo Goberno do Partido Popular cando estaba ao fronte do Estado.

Polo tanto, cando facemos unha análise da situación dunha administración e da súa xestión debemos de meter nesa análise todos os elementos, e hai moitos elementos que vostede, Sr. Hernández, deixou no tinteiro na súa intervención. Falaba do tema das canceiras, que esta Deputación non se quixo manifestar, evidentemente, o comentaba antes o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o Partido Popular noutras administracións lexisla e que o paguen os demais, que ten que dicir a Xunta de Galicia das canceiras?, quen lexisla é a Xunta de Galicia, tamén é competencia educativa da Xunta de Galicia e eu estou pagando, e o resto de alcaldes, o mantemento dos centros educativos, que non os paga a Xunta, e é a mesma competencia. Polo tanto, outro argumento máis para que o que pedimos aos demais non é o mesmo que pedimos para nós.

Poderiamos seguir, situación financeira herdada, herdada non só do anterior goberno da Deputación provincial do Sr. Diego Calvo, tamén das anteriores, que a boa xestión económica desta Deputación non é de oito anos en adiante, Sr. Hernández, vén de moito máis atrás, pero ollo, tamén hai que dicir unha cousa, tamén temos superávit e temos remanentes, por que?, polo que dicía o voceiro de Alternativa dos Veciños, porque a lexislación aprobada polo seu Partido cando gobernaba este país impedíanos gastar os remanentes e trataba a todos os concellos por igual, ao Concello de Madrid, co Sr. Gallardón ao fronte, que debía 600 millóns de euros, ou ao Concello de Oleiros que podía ter catro ou cinco millóns de superávit, todos eramos iguais, os que debían e os que non.

Polo tanto, as flores están ben, pero polo menos polo medio virá algunha espiña, Sr. Hernández. E repito, vostede é moito de ver a palla no ollo alleo e moi pouco a viga no ollo propio, e en canto a esa mantra que repiten vostedes dos partidos que están en contra desta institución, déixeme que lle diga unha cousa, Sr. Hernández, a mellor forma de manter e de garantir a existencia dunha administración e xestionándoa ben e facéndoa útil, non perverténdoa, e eu son dos que digo, e haberá quen opine coma min, ou non, que as administracións non son boas ou malas per se, senón é a utilización que un faga delas. E a mala imaxe que teñen as deputacións a nivel social, desde logo non foi transmitida desde a Deputación da Coruña historicamente, porque sempre estivo ben xestionada, afortunadamente para os veciños e veciñas desta provincia. Esta non é desas deputacións como a de Ourense, onde goberna o seu Partido que hai máis porteiros que portas, e esas son as deputacións que non lle gustan á xente, e esa é a mellor forma de cargarse as deputacións e digamos empeorar a súa imaxe, utilizándoas mal, utilizando o caciquismo, e poño a de Ourense, pero podería poñer outras moitas, Sr. Hernández.

Polo tanto, cando mire o ollo dos demais para ver se hai viga, antes diso recomendaríalle a vostede que mirara o embigo porque seguramente teña bastante que rascar alí. Moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

O debate está moi centrado no Plan único pero a min gustaríame darlle un par de datos aos señores do Partido Popular. Mire vostede, ese orzamento, ese orzamento que tivemos que xestionar ao longo de todos estes anos, fíxese vostede, voulle falar de turismo, a Deputación da Coruña logrou nesta lexislatura, nestes últimos anos, dotar a todos os concellos que así o solicitaron de técnicos de turismo, son novas creacións e novos postos de traballo e novos servizos para os concellos no que se refire a turismo e a promoción dos seus concellos.

Poderiamos estar falando de turismo, da cantidade de orzamento e dedicación que dedicou turismo a todos os concellos da provincia e que destinou aos distintos programas que serían innumerables neste momento de mencionar, pero voulle dicir algúns, Patrimonio do camiño inglés, podo dicirlle o Xeoparque de Ortegal ou As Mariñas coruñesas na reserva da biosfera, como a ruta do neoclásico do Barbanza, etc., etc.

Voulle falara agora un pouquiño da rede cultural, mire vostede, soamente un dato. A rede cultural en 2015 en canto a persoal técnico deportivo destinaba no seu mandato 446.862 euros e neste ano no que estamos, neste momento estamos cerquiña dun millón de euros en técnicos deportivos. En técnicos de xestión cultural o Partido Popular, é dicir o anterior mandato, o último ano, ano 2015, destinaba 438.500 euros, estamos na actualidade en case 800.000 euros. Polo mantemento de conservatorios e escolas de música e de danza municipais, o Partido Popular destinaba en 2015 352.000 euros, e estamos na actualidade en case 400.000. O persoal técnico para a atención a museos e Centros de interpretación en 2015 o Partido Popular destinaba 0 euros, estamos na actualidade nos 400.000 euros. O Partido Popular destinaba a festivais de audiovisuais e músicas de artes escénicas en 2015 e no anterior mandato, 0 euros, estamos na actualidade en 550.000 euros. Houbo financiamento de servizos sociais comunitarios comunitarios e municipais, estaba en catro millóns no Partido Popular, nós estamos inicialmente nos sete millóns de euros.

Pero seguindo coa rede cultural, poderíalle dicirlle que nos espectáculos da rede cultural que aprovisionan os 93 concellos da provincia que en moitos casos serve para que a súa programación e os seus veciños e sobre todo nos concellos pequenos poidan dedicar e poidan ter espectáculos de certa calidade, dedicaba en 2015 o Partido Popular 786.000 euros e nós estamos neste momento superando 1.600.000 euros. Por certo, quero felicitar á Rede cultural por ser unha das tres finalistas, se non me equivoco no premio Público de Culturgal dunha das feiras ás que está acudindo nos últimos anos neste mandato.

Falaba antes de servizos sociais, facía unha mención aos servizos sociais, que tamén facía vostede unha mención aos servizos sociais. Mire, simplemente, varios datos. Nas vindeiras semanas vaise adxudicar un novo contrato que neste caso é o servizo de telealarma, se non me equivoco, e se non que me corrixa a compañeira

deputada da área, pasa de 416.000 euros a 780.000 euros, que significa iso ademais? que vai atender a máis de 3.000 persoas se non me equivoco, a máis de 3.000 persoas.

Falou tamén dun tema, como foi a igualdade, que creo que é un tema que todos teriamos que ter certa sensibilidade e todo o que se faga é pouco, pero ben, vou dar un dato, moi sinxelo, moi modesto, pero pasamos de 290.000 euros a máis de 430.000 euros no que se refire a programacións propias, a programacións propias que están referidas especialmente a concellos pequenos, se non me equivoco, a concello de menos de 20.000 habitantes.

A acción social sobe nun incremento dun 50%, creo que o do PEL xa foi nomeado e aínda sen ser unha competencia propia da Deputación pasa dun millón cen mil euros do anterior mandato a, neste momento, cara ao ano 2019 en máis de nove millóns e medio, e non soamente eses datos, que xa lle deu o meu compañeiro en canto ao que foi o emprego e a atención e a axuda a pequenas empresas e aos empresarios e á contratación do primeiro emprego e de mantemento tamén de emprego, senón tamén aos propios concellos que pasou a triplicar a cantidade que recibimos os concellos, o que todos chamamos cordialmente as cuadrillas municipais, cuadrillas municipais que permiten ter esas contratacións para un mínimo, se así o estima oportuno cada concello, de seis meses. Esta é unha gran parte de onde vai dedicado todo este diñeiro, pero podemos seguir.

Protección civil, outra competencia que non é propia da Deputación, protección civil en concellos de menos de 20.000 habitantes, neste momento dotámolos con pequenas colaboracións, pero importantes en infraestruturas, material e ata persoal.

O esforzo que se está facendo en vías e obras, facía tamén mención o señor deputado, facía Gelo, é certo que todo o que se inviste en vía provinciais é pouco, todo o que se inviste é pouco pola cantidade de rede provincial que temos, pero voulle dicir unha cuestión, a estas alturas este Goberno xa se achega a máis de setenta millóns de euros investidos, o que supón un 20% máis do gastado xa no mandato anterior.

Podemos seguir falando de servizos, pero voulle falar dunha cousa moi importante tamén, e non é menor, e que non se ve, que é o persoal da Deputación. O persoal desta casa vese reflectido ademais neste ano no que estamos, nun incremento, como pode ver nos orzamentos, de máis dun 6%, iso sabe por que é? porque fomos quen de poñer unha valoración de postos de traballo, de recoñecer o seu labor, que é un comezo, como dicía na miña intervención anterior, dun recoñecemento a dereitos que teñen os traballadores desta casa, que son poucos. Pero tamén fomos quen de sacar prazas e facer 95 novos funcionarios que promocionaron tamén no ano pasado. Fomos quen de posibilitar a funcionarización e pasar de laboral a funcionarios de máis de 24 traballadores desta casa. Iso tamén é calidade e iso tamén é dar servizo aos concellos porque ao final todos agradecemos os discursos, agradecemos os traballadores desta casa o labor prestado, pero o labor prestado agradécese con feitos, e estes aínda que son poucos, son feitos, porque ao final estes feitos están ao servizo dos concellos, son os que van posibilitar que os traballadores desta casa dean unha atención de calidade na atención tributaria, na asesoría xurídica, en contabilidade, en presupostos, na área de cultura, en servizos sociais e nas áreas desta casa. Polo tanto, tamén hai que predicar co exemplo e aí

pídolles desculpas ao mellor non estar á altura do que eles esperaban nalgún momento, pero que non lles caiba a menor dúbida de que imos seguir pelexando para que eles teñan o que se merecen.

Pois é onde está o diñeiro da Deputación, é a diferenza de como se gobernaba e onde estaba antes, é certo que eu presumo de que unha Deputación débeda cero, e é unha Deputación que ten débeda cero grazas ao balance e a xestión de todas as corporacións desta Deputación, iso ten que enorgullecernos a todos, e é o que nos permite poñer estes servizos en marcha.

Cando vostede tamén deu uns datos anteriormente, e a verdade é que dar verdades a medias non é a mellor garantía de beneficiar aos concellos da provincia. Eu houbo un momento en que pensei que ía pedir a dimisión do presidente da Deputación, pero dicir que por outra banda vostede facía tamén mención ás partidas presupostarias ao longo desta lexislatura e vou falar de acción social, porque é un tema do que hai que ter tamén un certo rigor, voulle dicir unha cuestión. Vostedes en acción social no ano 2015, se non me equivoco, vostedes levaban, non chegaba a dez millóns de euros, neste momento nós xa superamos esa cifra con creces e estámola aumentando ao longo do ano. Quero dicir con isto, como dicía na miña primeira intervención, que os orzamentos que hoxe traemos aquí a Pleno son uns orzamentos iniciais, que van ter novas achegas ao longo do ano, e os departamentos sábeno perfectamente. Somos sensibles para que eses departamentos poidan realizar os seus traballos e somos tamén responsables para que saian as distintas convocatorias o antes posible para que a cidadanía, as entidades, os concellos e as asociacións as teñan ao seu alcance. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Moi breve e por alusións. Cando Agustín dicía na súa intervención "hai quen sabe que vai estar aquí", claro que dixen iso, eu sei que vou estar aquí, e sabe por que vou estar aquí? porque me van votar os veciños, en Oleiros e na comarca da Coruña. Polo tanto, está asegurado, porque me sobraron votos para estar aquí, e agora vou a por dous deputados, non vou a por un, vou a por dous. Polo tanto, como non vou saber que vou estar aquí? claro que vou estar aquí para ben da comarca da Coruña, para ben da Deputación e para ben dos concellos que representarei no seu momento.

Claro, e por outro lado, cando oio esa frase quédame unha inquedanza tremenda, digo "Agustín dubida de que vaia estar eu aquí..." e recordóuseme que nun mitin electoral do Partido Popular en Oleiros se dixo "Se non lle gañamos as eleccións, matámolo", claro, dixen nun mitin electoral en Oleiros, un dos candidatos, "se non lle gañamos as eleccións, matámolo", claro, se é así, non estarei aquí, pero tamén hai que ter valor para ir a por min. Nada máis.

Sr. Dios Diz

Eu non quería derivar o debate de onde está, pero paréceme que é importante reiteralo, contestarlle a Regueira con cariño, como sabe que lle teño. O Plan de grandes cidades foi unha proposta do Goberno, reiterada aquí en varias ocasións, e cando falamos dun Plan de grandes cidades, polo menos eu, refírome a el con criterios obxectivados como é o POS+, onde non valoremos exclusivamente á

poboación, que valoremos por exemplo a ruralidade, Santiago ten máis de 15.000 habitantes vivindo no rural da cidade, polo tanto, cando nós falamos dun Plan de grandes cidades tampouco estamos dicindo que iso sexa para discriminar aos pequenos concellos, o que estamos dicindo é que hai que corrixir a fenda existente entre as tres grandes cidades da provincia da Coruña, é unha fenda real, e de xustiza é tender a diminuíla, non a aumentala. Polo tanto, eu sigo reivindicando o Plan de grandes cidades e sigo apelando a criterios obxectivos, e dentro deses criterios obxectivos o da capitalidade tamén debería de ser un criterio. Polo tanto, eu digo que esa é unha proposta que fixo o Goberno, que eu sigo reiterando e que me gustaría que se retomara con esa orientación.

E soamente un matiz ao Partido Popular, teño que facelo, non me vou ir sen poder dicilo, non é que Agustín non saiba distinguir o nome dos Grupos políticos que estamos nesta Cámara, sabe perfectamente que eu represento aquí a Compostela Aberta, sabe que representan os tres compañeiros a Marea Atlántica e non existen as Mareas de Podemos, é unha teima que ten o señor Agustín Hernández, en cualificar a organizacións política, e a min resultaríame moi fácil cualificar ao Partido Popular e dicir o Partido Popular de, podería poñer aí corrupción, podremia, criminalidade, pero non o vou facer, síntoo.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Pido ao Sr. Dios que retire o de criminalidade.

Sr. Dios Diz

Non hai ningún problema, pero hai unha definición dun xuíz cualificando ao seu Partido como unha organización criminal.

Sr. Regueira Varela

Eu normalmente cito a Adenauer con moita frecuencia, un día recordábamo o Sr. Liñares, hai unha cita del que di que o importante é política non é ter a razón, é que cha dean, e a min dáme a sensación de que o Partido Popular ten clarísimo que temos a razón, pero non nola quere dar, que me parece que en política pode estar correcto, pero realmente eu estou totalmente convencido que dentro dos erros que poidamos ter que temos a razón claramente e os datos así o din. En todo caso, quería facer referencia a algo que falou o voceiro do Partido Popular sobre o gasto corrente, e que moitas veces dános a sensación de que cando falamos de gasto corrente falamos de que tiramos os cartos nalgún contedor de lixo ou que os estamos gastando na ferrexaría do lado, ou algo así polo estilo. Calquera obra que se fai nunha anualidade orzamentaria, o ano seguinte é gasto corrente, e gasto corrente son as facturas das empresas que lle prestan servizos á Deputación, e gasto corrente son as recollidas de lixo, e gasto corrente é a iluminación publica, será que esta administración xestiona máis que xestionaba o Partido Popular, ao mellor é iso, iso é gasto corrente. E vai haber máis gasto corrente porque estamos cada ano aprobando novas infraestruturas e novos investimentos, polo tanto, mantementos, etc., etc., iso é gasto corrente. Era unha das críticas que lle facía ao goberno de Diego Calvo precisamente, que había pouco gasto corrente.

E logo para ir rematando, no tema de benestar, e moi ben recordábamo a deputada de Benestar, porque que apareza unha cantidade concretada nun orzamento, ben, a Xunta concreta partidas orzamentarias que non gasta nunca, das que non executa ningún euro, que son pura cosmética orzamentaria, o que está facendo Servizo de Benestar Social, ademais de levar premio por aí adiante, que algo ben farán, é facer estudo das necesidades da provincia, e pódeselle facer consulta aos concellos se están indo técnicas e deputada tamén a saber das necesidades dos concellos para planificar o traballo e cando esa planificación estea lista incorporaranse os remanentes necesarios á área.

E logo xa por último a min gustaríame recordar que hai unha frase do Sr. Hernández que a min non me molesta, pero que tampouco me gusta moito, pero que obedece a unha mentira clarisimamente. Primeiro, que este Grupo non somos artificieiros, eu non traballei na miña vida con explosivos e non queremos dinamitar ningunha administración pública. Teremos polo menos dereito a ter unha estrutura de Estado, ou un entramado do Estado diferente ao que ten o Partido Popular, polo menos a defender unha organización administrativa diferente, supoño que ese dereito democraticamente se nos dará, porque eu non lle nego nunca ao Partido Popular o dereito a defender o que considere axeitado, ou o que considere necesario sen cualificalos de dinamiteiros nin de querer voar polos aires non sei que cousa. Aquí os deputados e as deputadas do Bloque Nacionalista Galego vimos traballar mentres exista esta administración.

E mire, non nos poñemos de perfil, no Pasatempo de Betanzos quen está de perfil é a Xunta, no parque de megalitismo da Costa da Morte ata o día de onte, alcaldes do Partido Popular, do PSOE e do BNG, quen estaba de perfil era a Xunta, no tema das canceiras quen está de perfil é a Xunta, no tema dos consorcios de bombeiros e das unidades de intervención rápida quen está de perfil é a Xunta, esta administración nunca está de perfil, xamais, e dígolle máis, o diñeiro que mandamos aos concellos é para que os concellos tampouco teñan que estar de perfil diante das esixencias que lle fan as outras administracións para as que non lle dan nin un euro, porque esta administración é a única que, a través do POS+, decidiu tomar o touro polos cornos e falar de financiamento local, estamos financiando aos concellos en cantidades grandes, as que podemos. Polo tanto, non nos diga ou nos acuse de poñernos de perfil porque é unha mentira, e aí están os resultados da xestión desta etapa de goberno e da anterior etapa de goberno, veremos quen xestiona máis, e quen planifica máis desde o Goberno desta administración pública, porque non nos equivoquemos, unha cousa son as palabras e outra son os feitos.

Mire, xa para rematar, vou rematar con outra cita, creo que era, pódeno consultar, creo que era Thomas Moore, que dicía que a hipocrisía moitas veces é como os cruceiros, pero que sinalan cal é o camiño pero que eles nunca se moven do sitio. Esta administración está sinalando o camiño, faga vostede que outras administracións que non sigan ese camiño, o sigan, os concellos acabarán agradecéndollo.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Vou falar igual pero entendo que se o Sr. Fernández fala en nome do seu Grupo, do Partido Socialista de Galicia, da Coruña, debería falar antes ca min, porque se non entramos aquí nun funcionamento algo estraño, porque se o Sr. Leira entendo

que fala en nome do Goberno, en nome do Goberno non fala o Sr. Regueira, que fala en nome do BNG, e o Sr. Fernández debería de falar no nome do PSdeG, e eu falaría en nome do Partido Popular de Galicia, logo vostede pecharía, non quero meterme na forma que ten vostede de organizar o Pleno, pero creo que debería ser así, pero en todo caso non teño ningún inconveniente, logo despois o Sr. Fernández fará uso e dirá as medio verdades, por non dicir mentiras, que dixo anteriormente.

Porque mire, hai que ser rigoroso neste debate, nós tentamos facer o que hai que facer, mirar o orzamento, comprobar esas cifras e cometemos igual o erro de facer memoria ao respecto dos compromisos do señor presidente, dígoo no mellor dos tons, simplemente iso está recollido nas propias actas e, polo tanto, eu non escoitei que alguén puidera dicir que non é certo que o gasto corrente se incrementara, incrementouse, o Sr. González Formoso dixo que ía diminuír o gasto corrente, dixo que ía diminuír o gasto de representación desta casa e o gasto de representación incrementouse. Dixo que en ningún ano diminuiría o gasto en política social, e en 2017 diminuíu ese gasto, e non denunciamos esa diminución e aplaudimos que agora ese gasto sexa maior que en 2015, pero cando fai críticas ten que ser rigorosos. Mire, Sr. Fernández, en 2013 no existía o DTC, non faga vostede comparacións absolutamente terxiversadas.

E miren, o que temos que comparar son as cantidades que hoxe aprobamos, as que aprobamos. O que fagamos no futuro, o que fagan vostedes no futuro será o futuro e cando vostedes actúen nós denunciaremos ou aplaudiremos.

Mire, A Baña, 178.000 euros menos, POS+2019, en relación co POS+2018; Cambre, 300.000, que en Cambre non goberna o Partido Popular pero tamén vostedes furtan ao Concello de Cambre 300.000 euros. Culleredo, 304.000, esas son as cifras, e sumando todas as cifras, Teo 275.000 menos, sumando todas as cifras, 14,5 millóns de euros menos facendo unha comparación homoxénea. Polo tanto, a partir diso, a nosa pregunta que non teñen vostedes resposta neste Pleno é saber que pasa con eses cartos, que van facer con eles, por que non aparecen reflectidos no orzamento se o orzamento na súa cifra global increméntase nun dous e pico por cento?, onde están eses cartos? é a nosa pregunta. E, polo tanto, se obtemos unha resposta e é satisfactoria poderemos modificar o noso posicionamento, e se o que obtemos son clixés que utilizan vostedes cando non teñen argumentos, nada que dicir, pero obviamente nós mantemos o noso rexeitamento ao orzamento.

A verdade é que simplemente xa para rematar, a verdade é que faime graza o problema que ten o Sr. Dios con respecto á denominación da súa agrupación política ou coalición electoral. A verdade é que é curioso porque o que está claro é que o Sr. Ferreiro e o Sr. Noriega non serían alcaldes das súas cidades e vostede non sería concelleiro de Santiago de Compostela se non existira Podemos, vostedes son as Mareas de Podemos, é así, e a partir diso tamén é certo que nin vostedes saben o que son, porque moitas veces teñen que utilizar un GPS para localizar aos seus compañeiros nesa amalgama, pero ese é o seu problema, non é o noso, nós somos o Partido Popular de Galicia, neste caso o Grupo Provincial do Partido Popular de Galicia da Deputación Provincial da Coruña. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Eu simplemente para rematar dicir que estamos nun estadio previo a unhas eleccións municipais e, polo tanto, é tradicional na política que os discursos se estremen un pouco máis ou se radicalicen, ou se reposicionen en funcións dos intereses electorais de cada forza política, pero eu non vou caer no erro de prexudicar á imaxe que ten unha institución positiva, eficiente, unha institución que grazas ao labor feito polos meus antecesores, desde o primeiro nos últimos anos ata o anterior, a Diego Calvo, fixo, tal e como dixen constantemente, e repito, que esta institución sexa unha institución perfectamente xestionada, que cumpre as súas obrigas orzamentarias, as súas obrigas de pago en tempo récord, e que ademais teñen marxe de manobra suficiente para vivir con tranquilidade, e asistir con tranquilidade aos 93 concellos da provincia, con mellorar as condicións de traballo das súas traballadoras e traballadores, e que ademais desde o principio creo que esencial de non gastar máis do que se ingresa e, polo tanto, estar nunha situación de débeda cero. Iso é así e, polo tanto, quero dicir que isto é grazas a moita xente, entre eles aos que hoxe apoian este documento orzamentario e tamén aos que non o apoian, porque dicía antes Agustín que a relación é cordial no persoal, por suposto, e non só no persoal, senón que hai que dicir que neste mandato que se esgota o noventa por cento, o noventa e pico por cento que veñen a este Pleno na orde do día se apoian, maioritariamente non, unanimemente. Todos os modificativos de créditos que implican axudas aos concellos desta esta provincia de todas as forzas políticas, foron apoiados unanimemente por todas as forzas políticas e, polo tanto, é de agradecer absolutamente a responsabilidade de cada un dos Grupos, porque cando arrancamos a lexislatura, dicíao Agustín, e repíteo con frecuencia, é certo que choca e asusta un pouco desde a inexperiencia dun alcalde de vila pequeno, rural, de montaña, como dicía Agustín, das Pontes, ver a todo un portavoz dunha capital de Galicia, como Manuel Dios, prometendo que aspiraba a que fora o último mandato desta institución, ou os susto que te meten cando chee din "prepárate con Gelo", ou "os das Mareas, vaia banda", ao final o que me encontrei foi unha responsabilidade por cada un dos que están aquí sentados espectacular, con diferenzas, evidentemente, e con debate, e con posicionamentos distintos, e con moitísima sinceridade ata o punto de escoitarlle a Agustín Hernández no debate sobre o Plan único que o gran argumento era que a Deputación perdía protagonismo, e sempre o digo, hai que ter moito valor para dicir iso, porque o Plan único ten defectos, o Plan único evidentemente é mellorable como todos os documentos pero o certo é que o gran argumento para digamos negar as súas bondades sexa que a Deputación perde protagonismo, a verdade que nunca esperei escoitarllo a ningún responsable político con tanta sinceridade, sinceramente.

En calquera caso eu quero agradecer a presenza de alcaldes do Partido Popular sobre todo por unha razón porque, como non, esperaba, nin podía ser doutra maneira, o exquisito trato sempre no noso percorrido pola provincia, nas nosas relacións constantes. Dicía Agustín Hernández que ao final que prometeramos mellorar relacións institucionais, hai que dicir que todo é mellorable, é certo, pero eu a diferenza doutros presidentes, ninguén me tivo que denunciar ante o valedor do pobo porque non recibía a unha localidade da provincia da Coruña, nunca.

E, polo tanto, creo que o método de traballo é falar, non sempre se chega a acordos, o método é profundar nas relacións, ir aos territorios, acudimos a mesas que nunca se acudira, como a Mesa galega de cooperación, convocada polo presidente

da Xunta de Galicia, e onde houbo eu creo que unha experiencia francamente boa onde nós alí confrontamos lealmente, institucionalmente entendiamos, porque así o entenden todos os alcaldes e alcaldesas, tamén os do Partido Popular, porque nolo din a nivel persoal, e eu súfroo, como alcalde, e sufrímolo os que estamos aquí, é dicir, as convocatorias da Xunta de Galicia, xa independentemente de a quen benefician ou prexudican, o certo é que a fórmula da convocatoria é certamente endemoñada, é dicir, sae unha convocatoria de subvencións sen tempo nin para solicitala, nin para executar a obra, nin para licitala, nin para xustificala, o cal implica moitas veces despois riscos para os propios alcaldes que antes de perder unha subvención fan todo o posible e sabemos perfectamente do que falamos para non perdela, co cal eu creo que hai maneiras de intentar mellorar as convocatorias, de mellorar os plans, pero creo que a da confrontación non é o mellor sistema, eu creo que non me veredes diante da Xunta de Galicia pedíndolle a Alberto Núñez Feijoo que asigne os recursos que asigna aos concellos, en vez de neste tipo de convocatorias endemoñadas de axudas públicas, que o faga a través do Fondo Galego de Cooperación Local, con asignación obxectiva dos recursos e para que despois cada concello libremente poida dedicalo ao que considere máis conveniente.

A lexislatura, salvo excepción, como digo, estivo baseada no consenso máis absoluto, e grazas a iso provocou que poida saír en tempo e forma un orzamento que, en cambio, noutras institucións, como a do propio Estado levamos asistindo algúns anos a unha inestabilidade, que non se queda simplemente nun titular, senón que o paga a propia cidadanía, que non haxa orzamentos non é un mal titular para o goberno de quenda, que tamén o é , o grave é o que hai detrás, o grave, e isto é aplicable a todas as institucións, é que o ano anterior o goberno de Mariano Rajoy tivo que esperar ata xuño para poder ter orzamentos e, polo tanto, non é o goberno o que espera, senón que son as infraestruturas, os servizos sociais, os investimentos, os concellos que necesitan saber con certeza que partida incorporan ao orzamento do que lle vai transferir o Estado ou do que lle vai transferir a Xunta, o que lle vai transferir a Deputación da Coruña, e iso é o que consegue o Plan único, un Plan único que creo que é moi duro ter que escoitar que lle rouba aos concellos da provincia. Un Plan único que arrancou nunha aprobación inicial con 74 millóns de euros e que despois, co consenso das forzas políticas incorporou outros 16 millóns de euros no ano 2017, e que rematou en 90 millóns de euros, contra un Plan de obras e servizos tradicional, que viñan sendo de 25 millóns de euros. No seguinte exercicio no que estamos, no ano 2018, son 76 millóns de euros de aprobación inicial, máis outros 16, remata en 92 millóns de euros, dous millóns máis, cando levábamos escoitando que o Plan único supón menos recursos para os concellos, 92 millóns de euros, contra 25 millóns de euros garantidos que implicaba o Plan de obras e servizos.

E agora arrancamos con 61 millóns e medio de euros, explicouno Antonio perfectamente, por que arrancamos con menos, e non ten problema, e saben vostedes perfectamente que non ten problema, eu entendo que hai instrucións superiores do partido político que indica que hai que remover iso e armar xolda porque hai eleccións municipais, pero saben perfectamente, e podo aquí acreditar e podo comprometerme diante de todos os alcaldes e alcaldesas da provincia, que o Plan único vai chegar aos 100 millóns de euros no ano 2019, porque se algo está claro nesta institución é que se actúa con prudencia, xa non só pola parte política desde sempre, que segue a ser así, senón sobre todo pola parte que dicía ben Antonio dos funcionarios e funcionarias que fan desta institución un organismo tan eficiente que arranca co principio de prudencia plasmado nun orzamento que arranca

en 183 millóns de euros pero que no ano 2018, con 175 millóns de euros iniciais, a data 12 de novembro ten un orzamento de 418 millóns de euros. Quere dicir iso que calquera reflexo de recorte inicial nunha partida que pode servirnos como argumento político, e ata podo entender que se utilice, non é conforme á realidade. A realidade é ao final do exercicio, e pódese dicir con toda a tranquilidade que o Plan único da Deputación vai ser de mínimo 100 millóns de euros para o ano 2019, absolutamente récord, non é grazas á xestión dun Grupo de goberno concreto, senón grazas ao compromiso de cada unha das forzas políticas que está aquí achegando sempre, incluso os que nalgún momento votan en contra por consignas superiores, non por convicción propia.

E imos deixar a Deputación tan ben como a collemos desde o punto de vista de xestión económica, unha Deputación, como digo, que debe cero euros, e que na última media de pago declarado paga en 4,8 días aos seus provedores habituais, e cun investimento de 243 millóns de euros no que vai desde a aprobación do Plan+, por certo, dos cales o 40%, por decisión propia dos concellos da provincia, se dedican a gasto corrente, 100 millóns de euros, o cal fai que se eleve a partida de gastos correntes, que non é propia, non é de gastos correntes da Deputación, é de gasto corrente dos concellos que se reflicte no orzamento da Deputación, que quede moi claro. O gasto corrente é por decisión dos concellos que nós incorporamos, dános igual pagar a construción dunha beirarrúa que pagar a iluminación pública dos concellos porque así o decidiron, e por iso se reflicte nunha cantidade tan grande no propio orzamento da Deputación.

Polo tanto, con 1.200 obras iniciadas e financiadas polo Plan+ e 100 millóns de euros en gasto corrente, estamos francamente orgullosos de, nun entorno político difícil, nun entorno inestable en moitísimas institucións do Estado, autonómicas e locais, conseguir que esta institución teña o seu cuarto orzamento grazas á responsabilidade, a altura de miras de todas as forzas políticas e insisto, agradecer a colaboración que con todas elas temos habitualmente.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: 13 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

"Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2019, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto

lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2019 por importe de 183.609.300,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	16.919.452,26
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	15.250.362,65
CAPÍTULO III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.203.931,95
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	138.651.953,14
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	83.600,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**183.109.300,00**

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**0,00**

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	500.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**500.000,00**
TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		**183.609.300,00**

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	44.095.986,62
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	26.509.538,11
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	66.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	60.292.992,62
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.672.200,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**134.636.717,35**

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Investimentos reais	18.767.391,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	11.424.420,65
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**30.191.811,65**

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	18.780.771,00

CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**18.780.771,00**
TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		**183.609.300,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1	Servizos públicos básicos	2.190.665,00
2	Actuacións protección e promoción social	37.224.802,89
3	Produción bens públicos carácter preferente	26.482.903,20
4	Actuacións de carácter económico	57.736.320,08
9	Actuacións de carácter xeral	59.974.608,83
0	Débeda pública	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL		**183.609.300,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo Consorcio provincial para o exercicio 2019, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Impostos directos	0,00
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	0,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	2.474.815,53
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	7.100.594,42
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**9.575.409,95**

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**0,00**

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**0,00**
TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		**9.575.409,95 €**

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. OPERACIÓNS CORRENTES:

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	286.324,83
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e serv.	8.450.037,74
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	1.000,00
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	510.995,10
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia e outros i.	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**9.248.357,67**

2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:

CAPÍTULO VI	Investimentos reais	327.052,28
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**327.052,28**

3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS:

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	0,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		**0,00**
TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		**9.575.409,95 €**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
1	Servizos públicos básicos	9.104.772,53
2	Actuacións protección e promoción social	0,00
3	Produción bens públicos carácter preferente	0,00
4	Actuacións de carácter económico	0,00
9	Actuacións de carácter xeral	470.637,42
0	Débeda pública	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL		**9.575.409,95 €**

4º.- Aprobar o estado de consolidación do orzamento provincial e do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2019.

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	**IMPORTE**	**CAPÍTULOS**	**IMPORTE**
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	16.919.452,26	I.- GASTOS DE PERSOAL	44.382.311,45
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	15.250.362,65	II.- GTOS CORRENTES EN BENS E SERV.	34.959.575,85
III.- TAXAS, PREZOS P. E OUTROS INGRESOS	14.678.747,48	III.- GASTOS FINANCEIROS	67.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	145.752.547,56	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	60.803.987,72
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	83.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA	3.672.200,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**192.684.709,95**	**TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES**	**143.885.075,02**
VI.- ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	19.094.443,28
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	11.424.420,65
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00	VIII.- ACTIVOS FINACEIROS	18.780.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**500.000,00**	**TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL**	**49.299.634,93**
TOTAL ORZAMENTO	**193.184.709,95**	**TOTAL ORZAMENTO**	**193.184.709,95**

5º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo estabelece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990 do 20 de abril.

6º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente."

2.-APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, DO CADRO DE PERSOAL E DO ORGANIGRAMA PARA 2019.

Sr. Presidente

Aproveito tamén para agradecer tamén que este exercicio 2018 prodúcese un documento tamén histórico, que é a valoración de postos de traballo, un documento francamente difícil, que foi capitaneado polo deputado de persoal, coa colaboración

dos Grupos políticos pero sobre todo coa colaboración, coas achegas das distintas forzas sindicais que permiten que este ano as retribucións do persoal funcionario e laboral desta entidade aumenten nun seis por cento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 17 deputados (13 do PP, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e as abstencións do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

"1º Aprobar as modificacións na relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama que se expoñen a continuación:

A Asesoría Xurídica ampliou significativamente os servizos que se prestan aos Concellos non só de modo cuantitativo tanto no ámbito do asesoramento xurídico e asistencia procesual senón tamén cualitativo, ao ampliar a asistencia a ordes xurisdicionais non previstos inicialmente no Regulamento de prestación do servizo de asistencia aos entes locais. Ademais, a implantación obrigatoria dunha nova forma de comunicarse cos órganos xurisdicionais a través do sistema LexNET, como plataforma de intercambio seguro de información por internet entre os órganos xudiciais e os operadores xurídicos, supuxo un incremento da carga de traballo tanto para os letrados como para o persoal administrativo. Proponse a transformación dun posto de administrativo noutro de xefatura de negociado, así como a creación dun posto de letrado-adxunto e outro de auxiliar administrativo:

POSTO AMORTIZADO			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
ASESORIA XURIDICA	ADMINISTRATIVO	1.15.38	28661,82

Os postos de nova creación teñen o seguinte custo:

POSTOS DE NOVA CREACIÓN		
DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
LETRADO ADXUNTO	58548,4	LETRADO ADXUNTO

XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	ADMINISTRATIVO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	24851,18	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
	118799,1	

O que supón un incremento de 90.137,29€.

Os cambios supoñen a creación en persoal dunha praza de letrado e outra de auxiliar administrativo. Modifícase a forma de provisión do posto de asesor xurídico (1.36.1) que pasa a ser concurso específico.

Pola súa banda a Secretaría Xeral, debido á entrada en vigor do Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos persoais, e ás funcións de coordinación das obrigacións de publicidade e información que se establecen na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, atópase ante a necesidade de persoal técnico superior para o desenvolvemento destas tarefas, con coñecemento especializado en Dereito. As actuais circunstancias da comunicación e información permiten supor que a actividade desenvolvida na Sección de Información e Actas relativa á información dixital irá en aumento, resultando imprescindible estar preparado e adiantarse aos cambios con persoal especializado para a xestión das funcións correspondentes a esta actividade de información dixital. Tamén neste ámbito organizativo inciden as novidades que no que se refire ás oficinas de asistencia e información ao público supón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no que respecta á contratación pública a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que supón o impulso definitivo para a contratación electrónica e que comporta o uso para os expedientes de contratación da Plataforma de Contratación do Sector Público. O carácter de unidade especializada que pode predicarse do Arquivo fai recomendable que os postos de carácter técnico deste se adscriban a funcionarios da escala de administración especial. Respecto da Imprenta provincial preténdese a transformación do posto vacante de oficial responsable de edición e deseño gráfico pola de oficial de imprenta-deseñador gráfico que se axusta mellor ás actuais necesidades da imprenta. Tamén se pretende unha redistribución das funcións dos postos de encargado de imprenta e dos responsables de preimpresión e impresión, cun enfoque máis administrativo no primeiro deixando a responsabilidade da parte máis especializada do traballo nos outros, que se transformarían por esa razón en postos de xefatura de negociado. Proponse a conversión do posto de administrativo en xefatura de negociado, xa que o ocupante deste ocúpase do control administrativo dos traballos que se realizan na Imprenta, do control do material e do almacén, así como a distribución de libros e o anticipo de caixa fixa. Nos servizos internos, e coa finalidade de facilitar o acceso ao posto de subxefe de servizos internos dos funcionarios do das AP modifícase o nivel de complemento de destino do posto que pasa a 14, cunha economía de 466,48€. Todo iso supón os seguintes cambios no que se refire aos postos e prazas adscritos á Secretaría:

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**POSTO**
ARQUIVO	TÉCNICO DE ARQUIVO E BIBLIOTECA A1	38055,97	1.1.69.1
IMPRENTA	RESPONSABLE DE EDICIÓN E DESEÑO GRAFICO	35213,83	1.381.1
IMPRENTA	ADMINISTRATIVO	30329,32	1.15.24
IMPRENTA	OFICIAL RESPONSABLE IMPRESIÓN E POSTIMPRESIÓN	33528,93	1.379.1
IMPRENTA	OFICIAL RESPONSABLE FOTOCOMPOSICIÓN	33528,93	1.380.1
OFICIALIA MAIOR	ADMINISTRATIVO	28661,82	1.15.199
PATRIMONIO E CONTRATACIÓN	TECNICO DE ORGANIZACIÓN	39885,92	1.42.7
REXISTRO, INFOR. E ACTAS	ADMINISTRATIVO	30109,72	1.15.196
REXISTRO, INFOR. E ACTAS	ADMINISTRATIVO	30109,72	1.15.174
SERVIZOS INTERNOS	SUBALTERNO	22699,71	1.11.22
		322123,87	

Os postos de nova creación teñen o seguinte custo:

POSTOS DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
IMPRENTA	OFICIAL DISEÑO GRÁFICO	32917,78	OFICIAL DESEÑO GRÁFICO
IMPRENTA	XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	ADMINISTRATIVO
IMPRENTA	XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	OFICIAL DE IMPRENTA
IMPRENTA	XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	OFICIAL DE IMPRENTA
OFICIALIA MAIOR	TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL	38543,92	TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
PATRIMONIO E CONTRATACIÓN	XEFATURA DE NEGOCIADO	40373,97	TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN

REXISTRO, INFORMACIÓN E ACTAS	TÉCNICO/A MEDIO EN REDES SOCIAIS A2	35028,9	TÉCNICO/A MEDIO EN REDES SOCIAIS
REXISTRO, INFORMACIÓN E ACTAS	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN REDES SOCIAIS (B)	31941,84	TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN REDES SOCIAIS
OFICIALIA MAIOR	XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	ADMINISTRATIVO
ARQUIVO	AXUDANTE DE ARQUIVO A2	34540,95	AXUDANTE DE ARQUIVO A2
		354945,48	

O que supón (tendo en conta a economía do posto de subxefe dos servizos internos) un incremento de 32355,13 €.

No que se refire ás prazas, supón a amortización dunha praza de subalterno (1.5.6), outra de oficial responsable edición e deseño gráfico (1.122.1), dous de administrativo de administración xeral (1.3.156 e 1.3.129) e unha de técnico de biblioteca e arquivo (1.34.3) e a creación das seguintes:

oficial de imprenta-deseñador gráfico (B)
técnico de administración xeral (A1)
técnico medio en redes sociais (A2)
técnico especialista en redes sociais (B)
axudante de arquivo e biblioteca (A2).

Igualmente proponse adscribir os postos de xefatura de sección e de negociado de Arquivo á escala de administración especial. Respecto ao posto de encargado de Imprenta modifícanse os grupos/subgrupos de procedencia da praza, configurándose como A2/B.

Na Intervención provincial atopámonos con que a entrada en vigor do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, impón a realización dun Plan Anual de Control Financeiro e auditoría pública, así como actuacións de control permanente, o que leva consigo un incremento substancial do traballo, ao que se engade a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de menos de 5000 habitantes por delegación destes. Polo que respecta ao plan de soporte contable que a Deputación proporciona aos municipios da provincia, a solicitude de inclusión neste de novas entidades (de gran envergadura algunhas delas), así como a pretensión de poñer novas funcionalidades e actuacións ao dispor dos entes locais (demandadas polos responsables municipais) obrigan a afrontar unha nova reorganización do correspondente Servizo. E polo que se refire á asistencia a municipios na xestión de persoal, nóminas e seguridade social, a especificade destas funcións de asistencia, ao que se engade a pretensión dos Concellos de Ferrol e Carballo de incorporarse ao proxecto así como a previsión de implementar a utilidade do cálculo do orzamento co consecuente soporte posterior xustifican a creación, dentro do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, dunha unidade con nivel de xefatura de Sección, resultado, como no caso do Servizo de Contabilidade, da transformación de sendos postos de técnicos de organización. Consecuentemente con todo iso as modificacións na estrutura de postos e prazas é a seguinte:

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
CONTABILIDADE	TECNICO DE ORGANIZACIÓN	1.42.5	39885,92
INTERVENCIÓN	SECRETARIA	1.21.1	37388,9
ORZAMENTOS E ESTUDOS ECONOMICOS	TECNICO DE ORGANIZACIÓN	1.42.6	39885,92
		TOTAL	117160,74

POSTOS DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
CONTABILIDADE	XEFATURA DE SECCIÓN	47641,91	TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN
FISCALIZACIÓN	XEFATURA DE SECCIÓN	47641,91	TÉCNICO FINANCEIRO-TRIBUTARIO
ORZAMENTOS E ESTUDOS ECONÓMICOS	XEFATURA DE SECCIÓN	47641,91	TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN
		142925,73	

O que supón un incremento de 25764,99€.

A incidencia no cadro de persoal redúcese á amortización dunha praza de administrativo de administración xeral (1.3.5) e a creación dunha praza de técnico financeiro-tributario.

O Servizo de Arquitectura e Mantemento necesita reforzar as funcións relacionadas coa elaboración, valoración, supervisión e seguimento de proxectos especialmente complexos en materia de novas construcións en obra civil, así como a rehabilitación e restauración dos edificios e centros dependentes da Deputación da Coruña, para o que propón a creación dun posto de arquitecto. Non existe na actualidade ningún posto de arquitecto neste Servizo, e a proposta supón mesmo un aforro orzamentario xa que inclúe a amortización do posto de xefatura de Sección.

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
ARQUITECTURA E MANTEMENTO	XEFATURA DE SECCIÓN	1.340.1	48455,4

POSTOS DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
ARQUITECTURA	ARQUITECTO	43347,41	ARQUITECTO
		43347,41	

O que supón un aforro de 5107,99€.

A proposta leva de seu a amortización dunha praza de arquitecto técnico (1.40.2) e a creación doutra de arquitecto.

A proposta de transformación do posto de técnico de xestión de administración xeral do Centro Calvo Sotelo nunha xefatura de negociado atopa a súa xustificación nas tarefas que viñan sendo atendidas pola comunidade salesiana. E a transformación do posto vacante por xubilación de telefonista noutro de analista-programador (con dependencia orgánica do Servizo de Sistemas e Soporte) obedece ás cambiantes necesidades do servizo, que variaron con respecto ás que contemplaron a existencia dun posto de telefonista.

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
IES CALVO SOTELO	TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMÓN XERAL	1.178.12	35028,90
IES CALVO SOTELO	TELEFONISTA	1.118.6	25644,06
		TOTAL	60672,96

POSTOS DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
CALVO SOTELO	XEFATURA DE NEGOCIADO	38535,79	TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMÓN. XERAL
SISTEMAS E SOPORTE	ANALISTA-PROGRAMADOR	32917,72	ANALISTA-PROGRAMADOR
		71453,51	

O que supón un incremento de 10780,55€.

Amortizase unha praza de subalterno (1.5.25 que estaba vinculada ao posto de telefonista) e crease unha de analista-programador.

O incremento, tanto da carga de traballo como da dificultade técnica na Sección de Formación, levan ao Servizo de Organización a instar a transformación dun posto de técnico de xestión de administración xeral nunha xefatura de negociado:

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
ORGANIZACIÓN	TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMÓN XERAL	1.178.33	35028,90

POSTOS DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
FORMACIÓN	XEFATURA DE NEGOCIADO	38535,79	TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMÓN. XERAL
		38535,79	

O que supón un incremento de 3506,89€.

Non supón cambio no cadro de persoal.

As novas funcións que abordan as bibliotecas, a incorporación da administración electrónica a ese ámbito e a consideración de que o posto cuxa transformación se propón teña encomendadas as funcións e responsabilidades aparelladas a levar o anticipo de caixa fixa xustifica a transformación que se propón:

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
BIBLIOTECA	TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMÓN XERAL	1.178.37	36200,10

POSTOS DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
BIBLIOTECA	XEFATURA DE NEGOCIADO	38535,79	TÉCNICO DE XESTIÓN DE ADMÓN. XERAL
		38535,79	

Recoñécese no posto de técnico de xestión de administración xeral da Biblioteca con código 1.178.20 a atención continua ao público, o que supón un complemento específico de 16836€. Todo iso supón un incremento de 3149,19€. Non supón cambio no cadro de persoal.

No ámbito da Tesourería a entrada en vigor das Leis 39 e 40/2015 establece un escenario no que a tramitación electrónica pasa a estar presente na xestión interna dos expedientes administrativos e nas relacións coa cidadanía. Para a asistencia, tanto electrónica como presencial ao contribuínte, dirección e coordinación do correo electrónico, adaptación e implementación de todas as novidades relacionadas coa administración electrónica, control, análise e seguimento das incidencias relacionadas coa Oficina Virtual Tributaria e a implementación dos procedementos relacionados coa dixitalización e rexistro da documentación proponse a seguinte transformación:

POSTO AMORTIZADO			
UNIDADE	DESCRICION	**CÓDIGO**	**CUSTO**
UCAC	TÉCNICO FINANCEIRO TRIBUTARIO	1.367.13	40170,92

POSTO DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
UCAC	TÉCNICO XESTION TRIBUTARIA	36655,90	TÉCNICO XESTION TRIBUTARIA
		36655,90	

O proxecto de modernización do tratamento de taxas e prezos públicos municipais leva consigo a implantación dunha aplicación para os municipios e aínda que o soporte e apoio na súa explotación estaría externalizada precísase a creación dun posto de técnico de xestión tributaria que desenvolva unha función de coordinación e control das prestacións que realizaría a empresa adxudicataria aos municipios da provincia, con dependencia da Xefatura de Servizo de Recadación:

POSTO DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
SERVICIO DE RECADACIÓN	TECNICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA	35028,9	TÉCNICO DE XESTIÓN TRIBUTARIA
		35028,9	

O que supón un incremento de 31513,88€.

Estes cambios no ámbito da Tesourería supoñen a amortización dunha praza de técnico financeiro-tributario e a creación de dúas prazas de técnico de xestión tributaria.

Pola súa banda o Conservatorio Profesional de Danza propón a transformación do posto de operario auxiliar de servizos noutro de subalterno, por axustarse mais ás necesidades do servizo. A devandita proposta non supón incremento do gasto:

POSTO AMORTIZADO			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
CONSERVATORIO	OPERARIO AUXILIAR DE SERVIZOS	1.400.1	24851,18

POSTO DE NOVA CREACIÓN			
UNIDADE	**DENOMINACIÓN**	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
CONSERVATORIO DE DANZA	SUBALTERNO	22699,71	SUBALTERNO
		22699,71	

O que supón un aforro de 2151,47€.

O posto tiña asociada unha praza de auxiliar de administración xeral (1.4.152) que se amortiza, creándose outra de subalterno.

A xestión diaria do FIER puxo de manifesto a necesidade de contar con persoal cun perfil caracterizado polas súas habilidades organizativas, capacidade para desenvolver estratexias na administración e xestión de recursos humanos, capacidade para a xestión administrativa e económica do centro, así como o manexo de recursos para a planificación e deseño de obxectivos e a coordinación, polo que se propón a creación do posto de administrador. As súas funcións e responsabilidades detállanse na proposta que realiza a dirección do centro e que consta no expediente. Transfórmanse dous postos de auxiliar educador, un en educador infantil do grupo B e outro en celador para axustalo á praza do ocupante. Os cambios no centro son os seguintes:

POSTOS AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
FIER	AUXILIAR EDUCADOR	1.173.53	28446,23
FIER	AUXILIAR EDUCADOR	1.173.16	28446,23
		TOTAL	56892,46

POSTOS DE NOVA CREACIÓN		
DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
ADMINISTRADOR	41642,77	ADMINISTRADOR FOGAR INFANTIL
EDUCADOR INFANTIL B	35536,77	EDUCADOR INFANTIL B
CELADOR	27253,29	CELADOR (xa existente)
	104432,83	

O que supón un incremento de 47540,37€.

Amortízase unha praza de auxiliar educador (1.111.26) creándose unha praza de educador infantil B e outra de administrador de fogar infantil. Por outra banda, as tarefas relativas ao anticipo de caixa fixa viñan realizándose habitualmente polo persoal administrativo do Fogar, e dada a súa natureza eminentemente burocrática parece máis adecuado seguir encomendando as citadas tarefas ao posto de traballo de administrativo.

A Lei de bases de réxime local establece que unha das tarefas esencias das Deputacións provinciais é a elaboración dos Plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, destinados ao financiamento de investimentos nos concellos e garantir a asistencia e a cooperación das deputacións cos concellos, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión.

Foron moitos os cambios e melloras que progresivamente se foron introducindo nos Plans provinciais xestionados por esta Deputación, pero nesta liña de evolución ascendente destacan os cambios introducidos no ano 2010, para introducir a posibilidade de financiamento de gastos correntes, e sobre todo no ano 2017, co novidoso e ambicioso Plan único de concellos.

Precisamente este Plan único de concellos constitúe en si mesmo un dos “obxectivos estratéxicos” desta deputación. Por unha banda unifica os distintos Plans provinciais e especiais que tradicionalmente elaboraba a deputación, e por outra banda, integra no seu financiamento as achegas que a deputación destinaba a 11 liñas de subvencións de concorrencia competitiva, que desta maneira adquiren ademais obxectividade, racionalidade, axilidade e transparencia.

O novo plan tamén contempla outro dos “obxectivos estratéxicos” desta deputación, como é o de promover nos concellos da provincia o saneamento da súa situación financeira, impulsando a redución do seu endebedamento con entidades financeiras e cos seus provedores, o que repercute moi positivamente no tecido empresarial.

Trátase dun plan moi complexo, cuxa xestión require dun rigoroso control e seguimento, dado que ten un elevado orzamento, múltiples obxectivos, distintos tipos de achegas, varios réximes de xustificación, e que inclúe investimentos financeiramente sostibles que deben controlarse singularmente. Esta complexidade increméntase polo seu carácter dinámico destinado a absorber as maiores achegas da deputación ao longo do ano, e que permite o reinvestimento dos remanentes que se poidan xerar por baixas de licitación ou anulación de proxectos.

Actualmente, o Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial da Coruña, é a unidade administrativa responsable da xestión dos plans provincias, e, en síntese, as súas complexas tarefas consisten na redacción das Bases reguladoras do Plan, no asesoramento continuo e multidisciplinar aos concellos,na revisión da documentación presentada por estes, na elaboración do Plan que vai ser aprobado polo Pleno da corporación, na revisión da documentación de adxudicación dos investimentos e demais posibles obxectos do Plan, na tramitación dos pagos da achega provincial aos concellos e en resolver cantas incidencias técnicas, xurídicas, económicas e informáticas poidan xurdir durante a súa tramitación.

Para a consecución destes obxectivos estratéxicos da deputación, que representa aproximadamente a metade do orzamento provincial, o Servizo de Xestión de Plans realiza moitas máis tarefas das previstas na lexislación de réxime local e das que serían esixibles e son moi superiores ás realizadas polos mesmos servizos doutras deputacións, polo seu contido e amplitude, de forma que esta deputación é un referente para o resto das deputacións que en moitas ocasións, seguen a pauta deste Servizo.

Todas estas novas funcións, que implican un incremento cuantitativo e cualitativo de tarefas, foron asumidas polo Servizo de Xestión de Plans co mesmo persoal, sen que estean actualmente recoñecidas nin valoradas na relación de postos de traballo, a

diferenza do que aconteceu noutros servizos desta deputación que a través dos plans de emprego o modificación das Relacións de postos de traballo dos últimos anos tiveron reformas e reestruturacións para recoñecer novas situación do seu persoal.

Como consecuencia desta nova situación, todo o persoal do Servizo está realizando un traballo complexo cuxa dificultade técnica esixe unha formación continua para poder orientar aos concellos e realizar un seguimento pormenorizado dos expedientes. Por outra banda, é preciso un labor de coordinación e unificación de criterios entre todo o persoal coa finalidade de dar resposta ás novas situacións que xorden diariamente, especialmente na relación cos concellos.

En conclusión, o Servizo de Xestión de Plans está asumindo dende hai máis dun ano novas e maiores funcións, despois do novo enfoque dado aos Plans de cooperación cos concellos, respondendo aos obxectivos estratéxicos da deputación, e asumindo a xestión dunha maior parte do orzamento da deputación que antes xestionaban outros Servizos.

Todo isto, xustifica a proposta de transformación de dous postos de traballo base de administrativo en dous postos de Xefatura de Negociado no Servizo de Xestión de Plans.

POSTO AMORTIZADOS			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS	ADMINISTRATIVO	1.15.14	28661,82
SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS	ADMINISTRATIVO	1.15.76	28661,82
		TOTAL	57323,64

POSTOS DE NOVA CREACIÓN		
DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	ADMINISTRATIVO
XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	ADMINISTRATIVO
	70799,06	

O que supón un incremento de 13475,42 €.

Non afecta ao cadro de persoal.

O plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019 contempla, entre outras medidas de desenvolvemento, a realización de procesos de promoción interna, procesos nos que se inclúe a praza de técnico de infraestruturas (subgrupo de titulación A2). Por tal motivo proponse a transformación dun posto de auxiliar técnico de vías e obras noutro de técnico de infraestruturas:

POSTO AMORTIZADO			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
SERVIZO DE VIAS E OBRAS	AUXILIAR TÉCNICO	1..314.10	37088,07

POSTO DE NOVA CREACIÓN		
DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
TÉCNICO DE INFRAESTRUTURAS	41698,35	TÉCNICO DE INFRAESTRUTURAS
	41698,35	

O que supón un incremento de 4610,28€.

Amortízase unha praza de auxiliar técnico de vías e obras (1.105.11) e créase unha praza de técnico de infraestruturas. Modifícase a definición do posto de xefe de servizo de vías e obras, no sentido de que poidan acceder a estes funcionarios doutras administracións.

No Centro de Día de Menores de Ferrol transfórmase un posto de celador vacante por outro de educador (A2) con xornada a quendas, por axeitarse máis ás necesidades do servizo:

POSTO AMORTIZADO			
UNIDADE	**DESCRIPCION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
CDM FERROL	CELADOR	1.120.53	25667,29

POSTO DE NOVA CREACIÓN		
DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
EDUCADOR A2 TURNOS	37851,45	EDUCADOR A2
	37851,45	

Cun incremento de 12184,16€. Por outra banda, as tarefas relativas ao anticipo de caixa fixa viñan realizándose habitualmente polo persoal administrativo do Fogar, e dada a súa natureza eminentemente burocrática parece máis axeitado seguir encomendando as ditas tarefas ao posto de traballo de administrativo. Amortízase unha praza de celador (1.80.39) e créase outra de educador A2.

A proposta da Xefatura de Sección de Protocolo transfórmase un posto de administrativo de administración xeral noutro de Xefatura de Negociado no Pazo de Mariñán nos seguintes termos:

POSTO AMORTIZADO			
UNIDADE	**DESCRICION**	**CÓDIGO**	**CUSTO**
RELACIÓNS PÚBLICAS	ADMINISTRATIVO	1.15.94	29515,82

POSTO DE NOVA CREACIÓN		
DENOMINACIÓN	**CUSTO**	**PRAZA ASOCIADA**
XEFATURA DE NEGOCIADO	35399,53	ADMINISTRATIVO
	35399,53	

Cun incremento de 5883,71€.

Conforme ao art. 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións locais: a) A de secretaría, comprensiva da fe pública e o asesoramento legal preceptivo; b) O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación. A esta nota de necesariedade únese o

carácter reservado das devanditas funcións, de forma e maneira que só determinados funcionarios poden exercelas. Os devanditos funcionarios son aqueles que están legalmente habilitados con carácter nacional, é dicir, en todo o Estado. Por conseguinte, á nota de necesariedade únese a de exclusividade ou reserva.

Entre os obxectivos do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (en adiante, RDRXFHN) atópase a descrición detallada do contido básico das funcións reservadas.

O desenvolvemento das funcións reservadas regúlase no RDRXFHN. En particular nos arts. 3 para a secretaría, 4 para a intervención e 5 para a tesourería. A responsabilidade administrativa destas funcións reservadas implica «*a dirección dos servizos encargados da súa realización, sen prexuízo das atribucións dos órganos de goberno da Corporación Local en materia de organización dos servizos administrativos*» (art 2.2 RDRXFHN) o que dá a entender que os funcionarios con habilitación nacional que ocupen postos de traballo con atribución de funcións necesarias a eles reservadas teñen responsabilidades de dirección dos servizos de secretaría, de intervención ou de tesourería o que implica, por exemplo, o desempeño de tarefas como a planificación, o liderado, a orientación ou guía, a aliñación de recursos e obxectivos, a instrución, entre outras.

De acordo co exposto anteriormente acórdase crear un factor de especial responsabilidade polo exercicio das funcións de dirección dos seus servizos como complemento adicional á valoración de postos de traballo aprobado polo Pleno da Corporación o 28/09/2018 que se cuantifica en 2.200 euros anuais que se incorpora ao complemento específico de 47.173,25 euros, resultando un importe total de 49.373,25 euros para os postos de Secretario Xeral, Interventor Xeral e Tesoureiro. O custe total ascende a 6600 € anuais.

O custo das modificacións expostas ascende a 280242,4 €.

Por outra parte modifícanse as características e retribucións do persoal eventual no seguinte sentido:

3 postos de nivel 24 transfórmanse en postos de nivel 25 especial dedicación, complemento específico 31857,87€

1 posto de nivel 21 transfórmase en posto de nivel 25 especial dedicación, complemento específico 31857,87€, pasando do subgrupo de titulación A2 ao A1 (o que supón un incremento en soldo e pagas extraordinarias de 1838,18€).

5 postos de nivel 21 transfórmanse en postos de nivel 22 especial dedicación, complemento específico 22000,55€

10 postos de nivel 19 transfórmanse en postos de nivel 20 especial dedicación, complemento específico 17706,10€

8 postos de nivel 16 transfórmanse en postos de nivel 17 especial dedicación, complemento específico 16583,87€

As modificacións referidas ao persoal eventual ascenden a 159804,7€.

O custo total ascende a 440047,1 €.

2º Aprobar a matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación (anexo I).

3º Aprobar as funcións dos novos postos de traballo que figuran no anexo II.

4º Aprobar a relación de postos de traballo (anexo III), cadro de persoal (anexo IV) e organigrama 2019 (anexo V).

5º Ordenar a súa publicación no BOP."

Deputación DA CORUÑA

ANEXO I - Matriz para a determinación do complemento específico dos postos de nova creación

NOVOS POSTOS	NIVEL	GRUPO	FACTORES																		PUNTUACIÓN TOTAL	ESPECÍFICO
